Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coas continuas avarías, demoras e a falta de información que están a padecer no mes de xaneiro de 2018 as persoas usuarias do transporte ferroviario nas liñas Vigo-A Coruña e A Coruña-Ourense

- 35138 - 22673 (10/PRE-009764)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a valoración da Xunta de Galicia diante do anuncio do Ministerio de Fomento da autorización a Audasa da suba do 3,1% das tarifas nas peaxes da AP-9 para o ano 2018

- 34886 - 22688 (10/PRE-009765)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego en materia de coordinación de policías locais para paliar o seu actual déficit de efectivos

- 35136 - 23043 (10/PRE-009794)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suba das peaxes da AP-9 pola empresa concesionaria, despois de abrir dous carrís adicionais que non ofrecen as prestacións dunha autoestrada

- 35134 - 23064 (10/PRE-009796)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para participar no acto de inauguración das obras de ampliación da AP-9, na ponte de Rande, sen estar rematadas

- 34883 - 23255 (10/PRE-009804)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre a data prevista para a publicación do decreto que inclúa na oferta educativa do bacharelato a obrigatoriedade da Historia da Filosofía como materia troncal

- 34881 - 23341 (10/PRE-009808)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre as razóns da demora da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na atención da solicitude do Concello de Betanzos referida á apertura do expediente para a declaración do parque do Pasatempo como ben de interese cultural

- 34879 - 23360 (10/PRE-009813)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa concesión das axudas para fillas e fillos menores de tres anos convocadas na Orde do 24 de marzo de 2017

- 34875 - 23409 (10/PRE-009820)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre as razóns da demora da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na tramitación do expediente para a declaración do edificio denominado A Terraza, de Sada, como ben de interese cultural

- 35132 - 23432 (10/PRE-009829)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a dotación de equipamento e servizos do Centro de Día de Cambados

- 35241 - 23440 (10/PRE-009837)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
Sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación coa valoración que faría na actualidade unha delegación da Unión Europea respecto do estado de saneamento das rías galegas

- 35240 - 23467 (10/PRE-009862)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno de Galicia do efecto que sobre a produción marisqueira ten o saneamento das rías

- 34871 - 23530 (10/PRE-009885)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre o estado de abandono en que se atopa a locomotora *Sarita* e o seu traslado á súa localización orixinal

- 34870 - 23567 (10/PRE-009894)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre os motivos polos que permanece pechada a estación de autobuses de Celanova

- 34869 - 23568 (10/PRE-009895)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre as previsións respecto da posta en marcha da estación de autobuses de Celanova

- 34864 - 23895 (10/PRE-009912)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto á exclusión de Galicia da Rede Transeuropea de Transporte

- 35130 - 24036 (10/PRE-009926)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as causas das sucesivas demoras e das supostas irregularidades no pagamento das primas correspondentes ás axudas públicas para o mantemento das casas niño

- 34863 - 24040 (10/PRE-009927)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas mobilizacións anunciadas para o ano 2018 polas organizacións sindicais representantes do persoal da Administración de xustiza

- 34859 - 24270 (10/PRE-009939)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do número de puntos de encontro familiar existentes en Galicia

- 35128 - 24313 (10/PRE-009945)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do pagamento do custo da eliminación da peaxe no tramo da autoestrada entre Redondela e Vigo polo resto das persoas usuarias da AP-9

- 34856 - 24486 (10/PRE-009978)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 2 máis
Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha solicitude ante o Ministerio de Fomento para o traspaso á Xunta de Galicia da titularidade da estrada N-554, que transcorre polo concello de Vilaboa

- 35332 - 24630 (10/PRE-009989)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o incremento da factura da luz das persoas consumidoras de electricidade en Galicia a causa da aplicación do canón eólico

- 34853 - 24676 (10/PRE-009991)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a asistencia psicolóxica ás mulleres en situación de violencia machista nos xulgados de Galicia mentres non se procede á contratación dos profesionais anunciados pola Xunta de Galicia

- 34847 - 24881 (10/PRE-009996)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para impulsar o uso da lingua galega no Bierzo fóra do ámbito educativo

- 34846 - 24882 (10/PRE-009997)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a valoración do Goberno Galego en relación coa proposta do colectivo cultural Fala Ceibe do Bierzo referida ao establecemento dun convenio de colaboración coa Xunta de Castela e León para impulsar un proceso de normalización da lingua galega nesa comarca

- 34845 - 25188 (10/PRE-010020)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do servizo ferroviario que se está a prestar entre Ribadavia e Ourense

- 34842 - 25223 (10/PRE-010021)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para desfacerse do seu 10 % de accionariado en Sogarisa na súa actividade de explotación do Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia

- 34840 - 25233 (10/PRE-010022)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego referidas á inclusión do Observatorio dos Ríos de Galicia no organigrama da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

- 34837 - 25390 (10/PRE-010027)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e Vilán Lorenzo, Patricia
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da publicación no Portal de Transparencia e Goberno aberto do informe referido ao grao de cumprimento pola Xunta de Galicia dos acordos adoptados polo Parlamento galego

- 34835 - 25403 (10/PRE-010030)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as razóns do aumento dos custos de papel e de impresión dos xulgados de Galicia en case o 45 % dende que entrou en vigor o obxectivo denominado «papel cero» na Administración de xustiza

- 34831 - 25452 (10/PRE-010035)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para dotar de medios suficientes o Xulgado Mixto de Carballo para atender as demandas desa demarcación

- 34828 - 25582 (10/PRE-010040)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da necesidade de rehabilitación pola Xunta de Galicia do patrimonio que posúe no barrio da Tinería, da cidade de Lugo, en especial a casa coñecida como Hospital de San Miguel e o pazo de dona Urraca

- 35329 - 25789 (10/PRE-010054)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o balance polo Goberno galego do Plan de saneamento 2000-2015

- 35095 - 25792 (10/PRE-010057)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a implantación de novas infraestruturas de tratamento no período de vixencia do Plan de residuos industriais de Galicia 2016-2022

- 35094 - 25795 (10/PRE-010060)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a atención ás vitimas de violencia machista nas dependencias xudiciais

- 35157 - 25796 (10/PRE-010061)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para facer efectiva a intermodalidade entre as estacións de trens e autobuses de Pontevedra

- 35093 - 25804 (10/PRE-010069)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de adaptación de Galicia ao cambio climático

- 35084 - 25805 (10/PRE-010070)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e Díaz Villoslada, Juan Manuel
Sobre os proxectos previstos polo Goberno galego para a Administración de xustiza no ano 2017

- 35083 - 25806 (10/PRE-010071)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a aprobación polo Goberno galego dun Plan director de mobilidade alternativa de Galicia

- 35126 - 25812 (10/PRE-010076)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a prestación de servizos pola nova concesionaria da liña de transporte por estrada XG521, Salvaterra de Miño-Vigo con anexos

- 35082 - 25833 (10/PRE-010081)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o tipo de controis das actuacións contratadas para o servizo de limpeza de marxes en tramos fluviais de Galicia que realizan os servizos provinciais da Dirección Xeral de Patrimonio Natural

- 35079 - 25969 (10/PRE-010089)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula
Sobre as razóns existentes para non informar nos telexornais da TVG do día 8 de febreiro de 2018 da rolda de prensa ofrecida por un grupo parlamentario da oposición

- 35333 - 24383 (10/PRE-010102)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o incremento da factura da luz das persoas consumidoras de electricidade en Galicia a causa da aplicación do canon eólico

- 35078 - 26130 (10/PRE-010103)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a reapertura do centro de menores de Montealegre, en Ourense

- 35076 - 26397 (10/PRE-010143)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre o coñecemento polo Goberno galego das intencións do Adif de privatizar a atención ao viaxeiro nas estacións de tren da comarca de Valdeorras

- 35237 - 26415 (10/PRE-010145)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre a información da Xunta de Galicia referida ao impacto para os veciños e ao suposto incumprimento da normativa de seguridade e saúde ambiental nas actividades dunha empresa louseira nas parroquias de Santa María Maior e Lindín, do concello de Mondoñedo

- 35327 - 26674 (10/PRE-010163)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para derrogar, a través do Decreto 11/2018, do 18 de xaneiro, a Orde do 10 de decembro de 1984 pola que se declara o acivro (*Ilex aquifolium, L*) especie protexida no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

- 35071 - 27007 (10/PRE-010194)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos posibles efectos da demora na aprobación do Plan estatal de vivenda 2018-2021

- 35068 - 27071 (10/PRE-010201)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da posibilidade de lle solicitar ao Goberno central a modificación da cualificación da liña ferroviaria atlántica de Galicia como de «media distancia» e a súa substitución pola de «proximidade»

- 35064 - 27166 (10/PRE-010211)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para corrixir a discriminación que padece o interior de Galicia en materia ferroviaria

- 35062 - 27243 (10/PRE-010224)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 3 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do arranxo das deficiencias existentes na estrada AC-564

- 35060 - 27469 (10/PRE-010239)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e 13 máis
Sobre a data prevista polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 4 de decembro de 2017 referido ás reivindicacións do persoal da Administración de xustiza

- 35326 - 27726 (10/PRE-010259)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o remate da residencia para a terceira idade no núcleo da Chan-Carballedo, no concello de Cerdedo-Cotobade

- 35058 - 27873 (10/PRE-010270)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación de illamento en que se atopa a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, a consecuencia do corte físico da estrada OU-0807 pola Deputación Provincial de Ourense

- 35056 - 27975 (10/PRE-010284)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da comarcalización dos servizos que prestan o Instituto de Medicina Legal de Galicia (en especial as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Vítimas e a Policía Xudicial nos xulgados específicos de violencia contra a muller

- 35052 - 28362 (10/PRE-010314)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre o horizonte temporal previsto polo Goberno galego para a ampliación e mellora dos horarios do tren rexional entre Ourense e Santiago de Compostela para a conexión das poboacións intermedias

- 35050 - 28400 (10/PRE-010318)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 3 máis
Sobre as intencións do Goberno galego respecto da creación da comisión de seguimento da vía de alta capacidade Costa Norte

- 35046 - 28733 (10/PRE-010348)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación na que se atopa o Centro de Menores Avelino Montero, de Pontevedra

- 35125 - 28948 (10/PRE-010371)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do prazo razoable de espera para a retirada dos pasos a nivel situados dentro dos núcleos de poboación

- 35043 - 28971 (10/PRE-010375)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o posible cumprimento na actualidade polo Goberno galego do acordo parlamentario do 19 de decembro de 2017 respecto das reclamacións dos sindicatos con representación entre o persoal da Administración de xustiza de Galicia

- 35040 - 28983 (10/PRE-010376)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da congruencia coa normativa legal vixente e da incidencia urbanística do Regulamento xeral de estradas de Galicia

- 35184 - 29042 (10/PRE-010383)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e 2 máis
Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación de constante diminución da calidade do servizo do eixe atlántico ferroviario

- 35034 - 29118 (10/PRE-010388)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a avaliación do Goberno galego respecto da fenda salarial que padecen os mestres e o persoal docente de Galicia

- 35029 - 29510 (10/PRE-010421)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución no ano 2018 das actuacións necesarias para construír unha senda peonil na estrada autonómica AC-862, aproximadamente entre os puntos quilométricos 36+500 e 37+000, no concello de Cerdido

- 35363 - 29770 (10/PRE-010449)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do cumprimento dos obxectivos previstos en relación coa creación de escolas públicas infantís de 0 a 3 anos nos polígonos industriais e parques empresariais

- 35025 - 29801 (10/PRE-010450)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a actuación policial na xornada de folga estudantil convocada o 9 de abril de 2018 en Santiago de Compostela

- 35019 - 29923 (10/PRE-010462)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de seguir mantendo as actuais condicións retributivas do profesorado galego

- 35015 - 29996 (10/PRE-010470)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización das actuacións necesarias, durante o ano 2018, para a construción dunha senda peonil e ciclista ao longo da estrada autonómica AC-121

- 35014 - 30088 (10/PRE-010483)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da posibilidade de introducir cambios no proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista previsto para a cidade de Ourense

- 35012 - 30089 (10/PRE-010484)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na estrada OU-402, treito Reza

- 35011 - 30184 (10/PRE-010490)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da adopción na actualidade de todas as medidas preventivas necesarias para evitar o contaxio de enfermidades infecciosas nos centros de menores dependentes da Administración autonómica

- 35004 - 30482 (10/PRE-010518)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 3 máis
Sobre as razóns da prolongada paralización das obras da vía de alta capacidade da costa norte

- 35002 - 30546 (10/PRE-010525)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia do desaloxo dunha familia residente nunha vivenda de protección oficial en Santiago de Compostela, sen alternativa de realoxamento nin de programa socioeducativo, na súa situación de exclusión social

- 35000 - 30557 (10/PRE-010526)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a actuación que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co desafiuzamento, en Santiago de Compostela, dunha familia residente nunha vivenda de protección oficial en réxime de alugamento sen ofrecerlle un fogar alternativo

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:51
Nº Rexistro: 34982
Data envio: 27/08/2018 10:51:54.479
Data 27/08/2018 10:51

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31056,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns da demora e as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio da construción de novas vivendas de promoción pública na cidade da Coruña, e, se é o caso, o prazo estimado para ese fin e a porcentaxe da demanda que vai atender"**, ((publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"En primeiro lugar, cómpre aclarar que a execución de fondos propios do programa de acceso á vivenda foi en 2017 do 81 por cento.

Sinalar que a Xunta busca atender a demanda de vivenda pública a través da construción de novas vivendas, como as que están en execución na Coruña, Vigo, Ourense e Cenlle; a rehabilitación de vivendas xa existentes propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, como nos casos de Betanzos, Lugo, Ourense, Vilalba; e a adquisición de vivendas para rehabilitar, como a oferta de adquisición realizada a comezos de 2018, no marco do programa Rexurbe.

Por outra parte, a iniciativa da Xunta permitirá poñer á disposición solo para vivenda protexida nos concellos de Vigo (1.600 vivendas) e A Coruña (1.100 vivendas) ao tempo que xa está dispoñible en Ferrol, Lugo e Pontevedra.

Ademais, a Xunta incentiva a creación de parques de vivenda en alugueiro por parte dos concellos de menos de 20.000 habitantes, a través de axudas á rehabilitación de vivendas de titularidade de municipal, como poden ser as de mestres e outros oficios, e o Fondo de Cooperación cos concellos. O emprego conxunto de ambos os programas permite aos concellos non só rehabilitar vivendas que xa son da súa propiedade, senón tamén adquirir vivendas para rehabilitar, que despois serán destinadas en réxime de alugueiro a familias con baixos ingresos. Con estas axudas búscase incentivar aos concellos de menor tamaño a facer efectiva a competencia municipal en

CVE-PREPAR: b91944b9-aa31-8104-dca3-9ae870423582

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:51:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:51
Nº Rexistro: 34982
Data envio: 27/08/2018 10:51:54.479

materia de promoción e xestión de vivenda de protección pública, que concellos de gran tamaño e con recursos propios, como o de Vigo, abandonaron por completo.

Por outra parte, o Bono de Alugueiro Social está dirixido a facilitar o acceso á vivenda en alugueiro das persoas e familias con dificultades para o seu pago. Entre os posibles beneficiarios deste Bono de Alugueiro Social están as persoas que acceden a vivendas de alugueiro do Programa de Vivendas Baleiras e cumpren os requisitos. Este último programa, creado pola Xunta para o seu emprego polos concellos, busca poñer no mercado as vivendas baleiras existentes, a través das garantías que ofrece a Xunta por medio dos seguros de impago e multirrisco do fogar, e con axudas de ata 5.000 euros aos propietarios para a rehabilitación e arranxo das vivendas incorporadas ao programa".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: b91944b9-aa31-8104-dca3-9ae870423582

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:51
Nº Rexistro: 34982
Data envio: 27/08/2018 10:51:54.479

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:51:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:51
Nº Rexistro: 34980
Data envio: 27/08/2018 10:51:37.947
Data 27/08/2018 10:51

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31176,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as xestións que vai realizar a Xunta de Galicia diante da Demarcación de Estradas do Estado e do Ministerio de Fomento para a realización de melloras en diversos puntos quilométricos da estrada N-651, ao seu paso polo concello de Fene"**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, exerce as súas competencias nas estradas pertencentes á Rede Autonómica de Estradas de Galicia. Esta rede está formada polas estradas cuxo itinerario discorre integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non sexan de titularidade do Estado ou doutros organismos.

A N-651 é de titularidade estatal polo que as cuestións relativas á conservación e/ou mellora, así como á seguridade viaria deberán ser asumidas pola Administración Xeral do Estado como titular da vía.

Non obstante cómpre indicar que a Xunta de Galicia vén colaborando habitualmente no impulso, promoción e coordinación de estratexias de seguridade viaria coas distintas administracións públicas implicadas nesta materia. Así sucede coa participación na Comisión Autonómica de Seguridade Viaria.

Tamén a Xunta, en cumprimento da resolución aprobada polo Parlamento de Galicia en sesión celebrada o 4 de outubro de 2017, no marco do Debate Anual de Política Xeral, tenlle remitido escrito ao Ministerio de Fomento solicitándolle as actuacións necesarias para

CVE-PREPAR: b9581103-dea3-f1e0-df32-d8666d6bbed7

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:51:34

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:51
Nº Rexistro: 34980
Data envio: 27/08/2018 10:51:37.947

mellorar a seguridade viaria nos treitos de concentración de accidentes da rede de estradas da súa competencia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: b9581103-dea3-f1e0-df32-d8666d6bbed7

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:51
Nº Rexistro: 34980
Data envio: 27/08/2018 10:51:37.947

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:51:34

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:51
Nº Rexistro: 34978
Data envio: 27/08/2018 10:51:19.713
Data 27/08/2018 10:51

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 31191,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **"as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa ponte medieval de Ponte Sampaio e a estrada PO-264"**, (publicada no BOPG número 312, do 30 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, realiza inspeccións periódicas co fin de coñecer o estado das obras de paso e estruturas que están integradas na rede de estradas de titularidade autonómica. A Ponte Sampaio, situada no punto quilométrico 2+010 da estrada PO-264, está incluída nestas inspeccións.

Cómpre indicar que a empresa adxudicataria da conservación integral da zona Pontevedra Sur realiza de forma habitual traballos de conservación e mantemento da ponte medieval, mantendo en todo momento a tipoloxía desta (pavimento empedrado e petrís de sillería). A última actuación levouse a cabo hai dous meses aproximadamente."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 401d5df9-5066-f550-0521-064acfe41113

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:51:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:51
Nº Rexistro: 34978
Data envio: 27/08/2018 10:51:19.713

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:51:16

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:50
Nº Rexistro: 34975
Data envio: 27/08/2018 10:50:55.743
Data 27/08/2018 10:50

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31210,** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Encarnación Amigo Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego para seguir avanzando no proceso de desdobramento e conversión do corredor Nadela-Sarria en autovía"**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á pregunta oral en Pleno número 31211, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 19 e 20 de xuño de 2018, á que nos remitimos.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Vivenda pode verse nos seguintes enlaces:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-06-20?part=f43a330e-f585-4617-a86b-2df9323f6450&start=4613

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-06-20?part=f43a330e-f585-4617-a86b-2df9323f6450&start=4905".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 89a1fa97-7c96-6d38-2fa5-c36ae3aaaf66

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:50:52

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:50
Nº Rexistro: 34975
Data envio: 27/08/2018 10:50:55.743

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:50:52

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:50
Nº Rexistro: 34972
Data envio: 27/08/2018 10:50:32.634
Data 27/08/2018 10:50

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31335,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a seguridade viaria do Camiño Portugués no lugar de San Caetano, en Pontevedra, así como as actuacións previstas para eliminar os puntos negros existentes nese Camiño"**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada conxuntamente pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda e a Axencia de Turismo de Galicia ,** que ten o seguinte contido:

"Dende o Goberno galego estase a traballar para que o Camiño de Santiago avance no obxectivo común de converterse cada vez nunha experiencia máis segura para os miles de peregrinos que o percorren.

Sabemos que este é un dos aspectos que eles mesmos máis valoran. Por iso, desde a Xunta de Galicia traballamos a prol desta seguridade en todos os sentidos, de xeito permanente e con accións paralelas en distintos ámbitos.

Unha boa ferramenta está a ser o Plan director do Camiño de Santiago, o documento do que temos máis da metade das accións en marcha e co que estamos a responder desde o ano 2015 ás necesidades actuais da ruta e tamén dos peregrinos. Na sétima das súas oito liñas estratéxicas na que nos centramos na especialización e calidade no servizo de atención ao peregrino incluíamos a edición dunha guía para reforzar a seguridade viaria materia sobre a que sensibilizamos a través das Mesas do Camiño coas deputacións provinciais e os concellos en Pontevedra, Ourense e Lugo, e moi pronto tamén na Coruña, con quen acordamos recentemente impulsar unha nova mesa.

CVE-PREPAR: 78bb8b35-6411-2708-3761-2ab330a13de8

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:50:28

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:50
Nº Rexistro: 34972
Data envio: 27/08/2018 10:50:32.634

No Goberno galego tamén levamos a cabo iniciativas como a campaña Peregrina seguro, que realiza a Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago e a Asociación Stop Accidentes co apoio da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

Tamén impulsamos o reparto de diferentes materiais informativos para reforzar a visibilidade dos peregrinos, mentres avanzamos na mellora de cruces e pasos inferiores, con traballos a cargo do Ministerio de Fomento.

E xunto a seguridade, tamén nos importa a posta a punto do Camiño. Ao abeiro do noso Plan director do Camiño de Santiago impulsamos xa obras de sinalización e mellora no Camiño Francés, no Camiño do Norte e Primitivo, no Camiño Inglés e na prolongación do Camiño de Fisterra-Muxía. Este ano estamos xa a facelo no Camiño Portugués, e tamén no Camiño Portugués da Costa, e así continuaremos actuando no resto dos itinerarios ata o Xacobeo 2021.

Sinalar, ademais, que a seguridade viaria no lugar de San Caetano, situado no Camiño Portugués, se verá incrementada coa construción da Variante de Alba, que permitirá conectar a estrada de Vilagarcía e a de Santiago sen necesidade de entrar no núcleo urbano. A variante funcionará como alternativa á PO-225, que comunica Alba con San Caetano. Desta maneira, reducirase notablemente o número de vehículos que transitan por esta estrada. Os Orzamentos da Xunta para o ano 2018 recollen unha partida específica para seguir avanzando nesta actuación. En concreto, o 9 de abril de 2018 a Axencia Galega de Infraestruturas adxudicou o contrato de servizo para a redacción do Proxecto de trazado e construción e impacto ambiental: estrada de conexión PO-531-N-550 (Variante de Alba).

Esta actuación compleméntase coa mellora da mobilidade alternativa na comarca de Pontevedra, que inclúe a construción dunha senda na actual PO-225 e, polo tanto, a mellora do Camiño Portugués.

Cómpre lembrar, ademais, que o 8 de febreiro de 2017 celebrouse unha reunión da Comisión de Seguridade Viaria nos Camiños de Santiago. Na sesión informouse dos proxectos en fase de estudo ou redacción.

En relación especificamente co Camiño Portugués debe destacarse que o Ministerio de Fomento redactará un proxecto de mellora da seguridade viaria e accesibilidade do tramo da N-551 na intersección da N-550 e a Ponte Internacional de Tui (fronteira con Portugal), así como a súa

CVE-PREPAR: 78bb8b35-6411-2708-3761-2ab330a13de8

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:50
Nº Rexistro: 34972
Data envío: 27/08/2018 10:50:32.634

adecuación ao valor patrimonial e cultural deste tramo, que é parte do Camiño de Santiago Portugués e, á vez, acceso á cidade.

Ademais, estanse a redactar dous proxectos de construción de pasarelas:

- Unha pasarela sobre o ramal de acceso á estrada N-550 desde a autovía A-52, permitindo o paso de vehículos e de peregrinos.

- Unha pasarela para o Camiño Portugués ao seu paso por Caldas de Reis, sobre o río Umia, para a separación do tránsito peonil rodado, mellorando a comodidade e seguridade viaria de peóns".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 78bb8b35-6411-2708-3761-2ab330a13de8

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:50
Nº Rexistro: 34972
Data envio: 27/08/2018 10:50:32.634

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:50:28

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:50
Nº Rexistro: 34969
Data envio: 27/08/2018 10:50:09.305
Data 27/08/2018 10:50

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 31410,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da atención das alegacións presentadas pola veciñanza en relación cos aspectos centrais da Segunda Modificación Puntual do Plan Parcial de San Pedro de Navia, así como o establecemento de negociacións co Ministerio de Fomento e o Concello de Vigo para ese fin"**, (publicada no BOPG número 316, do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia mantivo unha xuntanza en febreiro de 2018 cos representantes veciñais na que se trataron diversos aspectos das alegacións elaboradas por este colectivo. Nesa xuntanza explicáronse diversos aspectos da modificación do plan parcial e abordouse a posibilidade de incorporación dalgunhas alegacións á modificación do plan parcial e tamén o feito de que outras demandas recollidas nas alegacións non poden ser resoltas a través do plan parcial, por ser alleas a este e ao seu ámbito.

Sinalar, ademais, que a aprobación definitiva do plan parcial lle corresponde ao Concello de Vigo, por ser da súa competencia, e non á Xunta de Galicia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 51975f12-6304-fd39-1bd6-2d3b2d084896

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:50:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:50
Nº Rexistro: 34969
Data envio: 27/08/2018 10:50:09.305

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:50:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:49
Nº Rexistro: 34966
Data envio: 27/08/2018 10:49:46.523
Data 27/08/2018 10:49

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 31582,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as máis, sobre **"a entrega pola empresa propietaria da central térmica das Pontes do proxecto técnico das obras de construción da nova estrada de acceso ao núcleo urbano, o prazo establecido para a súa execución e o seu importe total, así como as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a súa axilización e posta en funcionamento, e os compromisos que asume ao respecto"**, (publicada no BOPG número 316, do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"A construción da nova circunvalación das Pontes de García Rodríguez, necesaria para que a central térmica de Endesa se adapte e cumpra coas exixencias da Unión Europa sobre emisións industriais, permitirá separar a área industrial da residencial e manter, ao mesmo tempo, a conexión existente coa Autovía Ferrol - Vilalba (AG-64).

A nova estrada servirá de alternativa á actual AC-861. Con 985 metros de lonxitude comunicará a AC-101 coa rúa Alcalde José Vilaboy Pajón e contará con 3 glorietas. Ademais, reordenarase outra intersección existente coa AC-101. A actuación compleméntase cunha rede de sendas de máis de 2,4 km de lonxitude; a construción dun aparcadoiro disuasorio no entorno da Casa da Enerxía; a remodelación do tramo inicial das rúas Areosa e Irmáns Tojeiro; e a reordenación da sección da ponte sobre o Eume da AC-861 (vía que quedará como entrada exclusiva á central térmica) para dar cabida á senda.

Co fin de posibilitar toda esta reordenación do sistema viario das Pontes, a Xunta e Endesa Generación, S.A. asinaron un convenio polo que a empresa se comprometeu a asumir o custo das obras e a Xunta a impulsar a actuación. O documento técnico que contén as obras a executar está en poder da Administración, que o considera axustado ao convenio.

CVE-PREPAR: 27025252-c999-c352-e1e1-239bd3500613

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:49:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:49
Nº Rexistro: 34966
Data envio: 27/08/2018 10:49:46.523

O proxecto está aprobado e as obras foron licitadas o día 1 de agosto. O prazo previsto para a súa execución é de 18 meses.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 27025252-c999-c352-e1e1-239bd3500613

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:49
Nº Rexistro: 34966
Data envio: 27/08/2018 10:49:46.523

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:49:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:49
Nº Rexistro: 34964
Data envio: 27/08/2018 10:49:29.351
Data 27/08/2018 10:49

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 31727,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis, sobre **"a alternativa elixida pola Xunta de Galicia para o desenvolvemento da planificación integral da mellora da seguridade da estrada OU-402 no treito de Reza segundo as demandas veciñais, os datos referidos á tramitación das alegacións presentadas ao proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista nese tramo e os prazos estimados para a concreción do proxecto final e a súa execución, así como as previsións ao respecto"**, (publicada no BOPG número 316, do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 31726, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 339, do 20 de xullo de 2018. Remitímonos ao alí exposto."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 096b5014-1227-a9f0-12f4-e04e2b6bf4f5

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:49:25

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:49
Nº Rexistro: 34964
Data envio: 27/08/2018 10:49:29.351

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:49:25

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:48
Nº Rexistro: 34957
Data envio: 27/08/2018 10:48:36.241
Data 27/08/2018 10:48

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 31875,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **"as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar incidencias como as producidas entre os días 22 e 29 de maio de 2018 na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo"**, (publicada no BOPG número 319, do 13 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"Desde o Goberno galego vense solicitando, tanto a Renfe como a ADIF, que continúen traballando na procura de solucións e poñendo os medios necesarios para evitar incidencias nesta liña, co obxectivo de garantir que os veciños destas comarcas teñan servizos ferroviarios competitivos e acordes coas súas necesidades.

A Xunta ten insistindo ante Renfe para que priorice os labores do Plan de mantemento dos trens adscritos a este servizo, para que a súa remodelación e actualización se faga canto antes; e ante o ADIF, para que axilice os trámites para a realización efectiva dos investimentos que ten comprometidos."

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 23895,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e outros/as deputados/as máis, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto á exclusión de Galicia da Rede Transeuropea de Transportes"**, (publicada no BOPG número 251 do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"O 6 de xuño de 2018 a Comisión Europea fixo pública a súa proposta de incorporar o noroeste español ao Corredor Atlántico de Transporte de Mercadorías, o que suporá incrementar a competitividade económica e a capacidade loxística.

A proposta da Comisión Europea de modificación do trazado do Corredor Atlántico incorpora a demanda conxunta de Galicia, Asturias e Castela e León, que quedou plasmada na Declaración institucional asinada en Santiago de Compostela o pasado 9 de outubro de 2017, e é froito dun intenso traballo institucional realizado ante as autoridades españolas e europeas en defensa da competitividade dos tres territorios.

A decisión, que deberá ser referendada polo Parlamento e o Consello europeo, garantirá fondos comunitarios para a modernización da liña de ferrocarril de mercadorías a través do mecanismo de financiamento 'Conectar Europa'."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 68e75c04-b5d6-e902-0738-338a4bad1741

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:16:33

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:16
Nº Rexistro: 34864
Data envio: 27/08/2018 10:16:37.313

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:16:33

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:32
Nº Rexistro: 35130
Data envio: 28/08/2018 10:32:08.565
Data 28/08/2018 10:31

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 24036,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as causas das sucesivas demoras e das supostas irregularidades no pagamento das primas correspondentes ás axudas públicas para o mantemento das casas niño"**, (publicada no BOPG número 251 do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia non está a demorarse nin a cometer irregularidade no pagamento das primas ao mantemento das casas niño. A prima é unha axuda pública ao desenvolvemento da actividade que en ningún caso leva aparellado un pagamento mensual obrigatorio.

A este respecto cómpre lembrar que as persoas titulares das casas niños concorreron a unha axuda pública ao abeiro da Orde do 6 de maio de 2016 (DOG do 23 de maio), na que se regulan as bases que rexen estas axudas e onde se establece expresamente a forma na que se realizará a xustificación da actividade e o seu correspondente pagamento, aspectos que veñen regulados respectivamente nos artigo 20 e 22.2.2.

Os citados artigos establecen que a xustificación de cada anualidade (e polo tanto o correspondente pago asociado) comprenderá as actuacións realizadas no ano en curso ata o 30 de novembro. Isto é así porque a Administración non pode pagar sen a acreditación previa da realización da actividade.

Polo tanto, en ningún momento o Goberno galego incumpriu os compromisos económicos contraídos, compromisos que cumpre e seguirá cumprindo respecto de todas e cada unha das casas niño que estean funcionando no territorio, como non pode ser doutra maneira.

CVE-PREPAR: 0ae538f9-e5d6-6d24-1483-dbad3f2137f8

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2018 10:31:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:32
Nº Rexistro: 35130
Data envío: 28/08/2018 10:32:08.565

Sen prexuízo do anterior, sí que se preocupou de dotar de liquidez ás titulares das casas niño, empregando todos os resortes que permite a lei con esta finalidade, establecendo anticipos (do 80% da subvención anual no 2016 e do 35 % da subvención anual nos sucesivos), autorizando pagos a conta da liquidación definitiva de ata o 90% da contía da subvención anual e axilizando ao máximo a tramitación interna do pagamento.

O compromiso da Xunta de Galicia é que en 2020 todos os concellos de Galicia conten cun recurso de conciliación".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: 0ae538f9-e5d6-6d24-1483-dbad3f2137f8

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:32
Nº Rexistro: 35130
Data envio: 28/08/2018 10:32:08.565

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:31:51

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:16
Nº Rexistro: 34863
Data envio: 27/08/2018 10:16:28.938
Data 27/08/2018 10:16

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 24040,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas mobilizacións anunciadas para o ano 2018 polas organizacións sindicais representantes do persoal da Administración de xustiza"**, (publicada no BOPG número 251 do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"O Diario Oficial de Galicia do pasado 30 de maio daba publicidade ao Acordo acadado o 23 de maio de 2018 entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT y CC.OO., para a mellora das condicións de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Acadouse un acordo nos 5 puntos obxecto da convocatoria da folga para a mellora das condicións de traballo e, en consecuencia, do servizo público que estes profesionais prestan á cidadanía, a saber:

1. Incremento do complemento retributivo de determinación autonómica.

2. Ampliación dos supostos de incapacidade laboral transitoria nos cales se percibe o 100% das retribucións.

3. Articulación dunha compensación económica que retribúa a diferenza de soldo do persoal funcionario que realice unha substitución nun corpo superior.

4. Consolidación de prazas de reforzo de máis de tres anos de duración.

5. Amortización de prazas prevista no marco do plan de modificación dos cadros de persoal aprobado en 2012.

CVE-PREPAR: e4203000-1873-c6f2-cee5-8fdd8c66d2d3

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:16:25

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:16
Nº Rexistro: 34863
Data envio: 27/08/2018 10:16:28.938

Cómpre salientar que o documento asinado entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT y CC.OO recoñece expresamente que con este acordo se dá cumprimento ao acordado no Parlamento de Galicia.

Respecto dos complementos retributivos de determinación autonómica (complemento autonómico e complemento específico), incrementaranse nas cantidades que, para cada corpo, se reflicten no seguinte cadro. O incremento producirase en tres anualidades, distribuído nunha porcentaxe sobre o total, do 50 % en 2018, o 30 % en 2019 e o 20 % en 2020, ata acadar a súa totalidade.

Corpo	Incremento (€/mes)
Médicos forenses	140
Xestión	135
Tramitación	127
Auxilio xudicial	122

Estes complementos serán revisados anualmente no terceiro trimestre de cada ano, para os efectos de que a modificación se poida incluír na lei de orzamentos de cada ano, coa finalidade de garantir que os traballadores da Administración de xustiza de Galicia manteñan unha posición por riba da media dos ámbitos territoriais con competencia en materia de xustiza, no que aos complementos retributivos de determinación autonómica se refire.

En canto á consolidación de prazas de reforzo, a Administración e as organizacións sindicais acordaron converter en postos de cadro de persoal aquelas prazas de reforzo que conten cunha antigüidade mínima de tres anos ininterrompidos. Para os efectos de cómputo da devandita antigüidade, tómase como referencia o 1 de xaneiro de 2015.

No que atinxe á amortización das prazas contidas no Plan de modificación dos cadros de persoal aprobado en 2012, a Administración comprometeuse a iniciar a negociación para a creación de novas prazas, tendo en consideración, a estes efectos, as incluídas no devandito plan de 2012. En todo caso, con respecto ás prazas ocupadas, a medida que vaian quedando vacantes iniciaranse os trámites necesarios para a súa modificación, con vistas á súa conversión en prazas de nova creación noutros órganos e servizos xa existentes ou novos vinculados á posta en marcha da nova oficina xudicial. No caso das amortizacións de prazas nas seccións penais das audiencias provinciais, a Administración comprometeuse a deixar unha praza de tramitación máis das previstas no plan de modificación dos cadros de persoal de 2012.

CVE-PREPAR: e4203000-1873-c6f2-cee5-8fdd8c66d2d3

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:16
Nº Rexistro: 34863
Data envío: 27/08/2018 10:16:28.938

Ademais, o punto 8 do Acordo recolle un plan de actuación por obxectivos, de común acordo co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e coa Fiscalía da Comunidade Autónoma, en aras de axilizar o traballo nos xulgados de xeito que, con respecto aos tempos procesuais determinados polas leis, se acurten os prazos de tramitación dos expedientes xudiciais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: e4203000-1873-c6f2-cee5-8fdd8c66d2d3

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:16
Nº Rexistro: 34863
Data envio: 27/08/2018 10:16:28.938

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:16:25

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:15
Nº Rexistro: 34859
Data envio: 27/08/2018 10:15:58.078
Data 27/08/2018 10:15

AG/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 24270,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do número de puntos de encontro familiar existentes en Galicia"**, (publicada no BOPG número 255 do 7 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia dispón na actualidade dunha ampla rede de puntos de encontro familiar situados nas sete principais cidades galegas (A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo) que permiten garantir a existencia dun lugar adecuado que facilite as relacións materno/paterno-filial, e aseguren o benestar e a seguridade das e dos menores en familias en situación de conflito.

No ano 2017, atendéronse nos puntos de encontro familiar máis de 700 casos, realizando máis de 3.500 visitas tuteladas e preto de 5000 visitas supervisadas.

O obxectivo da Xunta de Galicia é ofrecer un servizo de calidade, suficiente, estable e cunha infraestrutura adecuada e neste senso, sempre esta disposta, en función das necesidades, a valorar a conveniencia da creación de novos puntos de encontro naquelas áreas nas que se precisen.

Así mesmo, os equipos de traballo dos puntos de encontro foron reforzándose e adaptándose ao número de casos atendidos en cada un deles, concretamente con reforzos en Vigo e Santiago, de xeito que o gasto nestes centros pasou de 497.046,30 € no 2009 a 695.322,75 € no 2017.

No ano 2017, destináronse para o mantemento da Rede de puntos de encontro un total de 695.322,75 euros.

CVE-PREPAR: 372123f6-5470-c9f8-7265-b46f37ee0fb6

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:15:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:15
Nº Rexistro: 34859
Data envio: 27/08/2018 10:15:58.078

No ano 2018 o orzamento previsto ascende á cantidade de 739.443,63 euros o que supón un incremento respecto do ano 2017 do 6,35.%".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 372123f6-5470-c9f8-7265-b46f37ee0fb6

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:15
Nº Rexistro: 34859
Data envio: 27/08/2018 10:15:58.078

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:15:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:31
Nº Rexistro: 35128
Data envio: 28/08/2018 10:31:39.549
Data 28/08/2018 10:31

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 24313,** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto do pagamento polo resto das persoas usuarias da AP-9 do custo da eliminación da peaxe no tramo da autoestrada entre Redondela e Vigo"**, (publicada no BOPG número 255 do 7 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi abordada no marco da resposta ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda á interpelación número 20803, formulada polo mesmo grupo parlamentario, e que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 24 de xaneiro de 2018.

Na súa resposta, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda referiuse precisamente aos asuntos abordados na Comisión sobre a AP-9 entre Xunta e Ministerio de Fomento que se tiña celebrado o día anterior, entre eles, o relativo á liberalización da peaxe da AP-9 en Redondela, equiparando os accesos a Vigo coa situación da circunvalación de Santiago, de Lalín ou da entrada de Ferrol.

A resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda no relativo a este asunto pode verse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-01-24?part=382e254b-a40f-41ef-a7a5-201822aff1d0&start=16155."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: 985e77f0-f160-9225-0f35-074894669224

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

118350
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2018 10:31:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:31
Nº Rexistro: 35128
Data envio: 28/08/2018 10:31:39.549

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:31:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:15
Nº Rexistro: 34856
Data envio: 27/08/2018 10:15:29.124
Data 27/08/2018 10:15

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 24486,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as máis, sobre **"a realización polo Goberno galego dalgunha solicitude diante do Ministerio de Fomento para o traspaso á Xunta de Galicia da titularidade da estrada N-554, que transcorre polo concello de Vilaboa"**, (publicada no BOPG número 255, do 7 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta a preguntas anteriores, entre elas, á pregunta oral en Pleno número 13910, e á pregunta oral en Comisión número 13911, convertidas en escritas por fin de período de sesións setembro-decembro de 2017, de similar contido e formuladas polo mesmo grupo parlamentario, cuxas respostas foron publicadas no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 254, do 6 de febreiro de 2018, sen que teña habido novidades ao respecto."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: e7b33a58-fc35-6a06-6a00-406dea3e4fc1

118352
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:15:25

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:15
Nº Rexistro: 34856
Data envio: 27/08/2018 10:15:29.124

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:15:25

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 09:59
Nº Rexistro: 35332
Data envio: 30/08/2018 09:59:22.892
Data 30/08/2018 09:59

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 24630,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o incremento da factura da luz das persoas consumidoras de electricidade en Galicia, a causa da aplicación do canón eólico"**, (publicada no BOPG número 255 do 7 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria,** que ten o seguinte contido:

"A liña de traballo do Goberno galego no ámbito de abaratar a factura eléctrica é tratar de conseguir unha estrutura de peaxes de electricidade máis xustos e que estean destinados a cubrir os custos da enerxía eléctrica, e non outros, a esixencia de garantía e a seguridade na subministración eléctrica, así como o fomento e implantación de medidas e políticas que favorezan o aforro e a eficiencia enerxética, e por suposto, a defensa dos consumidores máis vulnerables**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 252ca1c5-e7c3-5766-4ac4-32871de6aab4

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 30/08/2018 09:59:20

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 09:59
Nº Rexistro: 35332
Data envio: 30/08/2018 09:59:22.892

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/08/2018 9:59:20

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:15
Nº Rexistro: 34853
Data envio: 27/08/2018 10:15:01.968
Data 27/08/2018 10:14

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 24676,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a asistencia psicolóxica ás mulleres en situación de violencia machista nos xulgados de Galicia, mentres non se procede á contratación dos profesionais anunciados pola Xunta de Galicia"**, (publicada no BOPG número 255 do 7 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego puxo en marcha o pasado ano o servizo de atención psicolóxica especializada ás vítimas do delito nas oficinas dependentes dos decanatos dos xulgados das sete grandes cidades galegas, no marco dun convenio asinado co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia; logo do remate do período contemplado no devandito convenio, e dada a importancia desta atención, a Xunta de Galicia consolidou a dita intervención psicolóxica pasando a ser prestado o servizo por persoal propio, de xeito que dende o pasado 1 de marzo comezaron as súas funcións 7 novas persoas psicólogas nas ditas oficinas para a prestación da atención psicolóxica ás vítimas.

A maiores destas Oficinas de atención radicadas nas 7 grandes cidades galega, as vítimas teñen tamén á súa disposición o apoio que se impulsa e coordina desde a Secretaría Xeral de Igualdade. En concreto, coordina recursos e programas de atención psicolóxica, que están a disposición das vítimas de xeito gratuíto as 24 horas do día e dispón do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, no que traballan profesionais do ámbito da avogacía, psicoloxía, traballo social ou terapia ocupacional, cun

CVE-PREPAR: 466663c0-0f85-5f31-4407-7031c1e988b4

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:14:58

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:15
Nº Rexistro: 34853
Data envio: 27/08/2018 10:15:01.968

programa de atención integral, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 466663c0-0f85-5f31-4407-7031c1e988b4

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:15
Nº Rexistro: 34853
Data envio: 27/08/2018 10:15:01.968

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:14:58

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:14
Nº Rexistro: 34847
Data envio: 27/08/2018 10:14:09.217
Data 27/08/2018 10:14

RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 24881,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **"Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para impulsar o uso da lingua galega no Bierzo fóra do ámbito educativo"**, (publicada no BOPG número 255 do 7 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 24883 e publicada no BOPG número 331, de data 04/07/2018; á que nos remitimos.

Calquera proposta de promoción do galego noutra comunidade autónoma ten que desenvolverse desde o respecto institucional e sen interferir nas competencias doutras administracións e/ou institucións".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 695c4e37-a430-b8e3-9f75-9e03d2d52af6

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:14:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:14
Nº Rexistro: 34847
Data envio: 27/08/2018 10:14:09.217

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:14:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:13
Nº Rexistro: 34846
Data envio: 27/08/2018 10:13:59.982
Data 27/08/2018 10:13

RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 24882,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **"a valoración do Goberno Galego en relación coa proposta do colectivo cultural Fala Ceibe do Bierzo referida ao establecemento dun convenio de colaboración coa Xunta de Castela e León para impulsar un proceso de normalización da lingua galega nesa comarca"**, (publicada no BOPG número 255 do 7 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 24883 e publicada no BOPG número 331, de data 04/07/2018; á que nos remitimos.

Calquera proposta de promoción do galego noutra comunidade autónoma ten que desenvolverse desde o respecto institucional e sen interferir nas competencias doutras administracións e/ou institucións".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 9ded5b78-ad59-6015-04d7-ca45d32b20b9

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:13:56

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:13
Nº Rexistro: 34846
Data envio: 27/08/2018 10:13:59.982

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:13:56

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:13
Nº Rexistro: 34845
Data envio: 27/08/2018 10:13:51.310
Data 27/08/2018 10:13

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 25188,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto do servizo ferroviario que se está a prestar entre Ribadavia e Ourense"**, (publicada no BOPG número 260, do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia non é titular da competencia en materia de transporte ferroviario, senón que esta é de competencia estatal. Aínda así, desde o Goberno galego mantense unha liña de atención permanente sobre o funcionamento do transporte ferroviario na Comunidade para que os servizos sexan máis acordes ao que os usuarios demandan e precisan.

Cómpre lembrar que en Galicia, determinados servizos ferroviarios de media distancia que son deficitarios, están declarados como obriga de servizo público. Entre eles, os que unen Vigo e Ourense, existindo unha compensación económica da Administración á operadora, o que permite manter determinados servizos, aínda que produzan perdas, e garante o mantemento de paradas que en caso contrario se eliminarían. Todo isto, orientado a satisfacer as necesidades de mobilidade dos cidadáns.

Hai que ter en conta, ademais, que o sistema ferroviario non sempre é o que proporciona unha oferta máis axeitada ás necesidades da poboación pola súa menor accesibilidade, polo que avogar polo aumento dos seus servizos non ten porque ser a solución máis sostible. Neste sentido, o transporte colectivo en autobús ten a capacidade de proporcionar unha malla que cubre unha área xeográfica máis ampla.

Por iso, de xeito complementario ao ofrecido polo ferrocarril, a Xunta a través do seu Plan de Transporte Público de Galicia e no marco das súas competencias, está a atender o servizo de transporte entre Ribadavia e Ourense con autobuses regulares, a un prezo menor que o do tren, e

CVE-PREPAR: 7b266690-d164-7425-aa84-50508e6fd406

118363
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:13:47

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:13
Nº Rexistro: 34845
Data envio: 27/08/2018 10:13:51.310

con 4 frecuencias directas diarias por sentido, complementadas por outras 5 que van facendo paradas intermedias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: 7b266690-d164-7425-aa84-50508e6fd406

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:13
Nº Rexistro: 34845
Data envio: 27/08/2018 10:13:51.310

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:13:47

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:13
Nº Rexistro: 34842
Data envio: 27/08/2018 10:13:25.481
Data 27/08/2018 10:13

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25223,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns do Goberno galego para desfacerse do seu 10% de accionariado en Sogarisa na súa actividade de explotación do Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia"**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"A antiga Sogarisa era unha modalidade de contrato de xestión de servizo público. A súa extinción levouse a cabo subseguintemente á perda da condición de servizo público do tratamento de residuos industriais en Galicia, en virtude do Decreto 169/2014, do 26 de decembro, polo que se derroga o Decreto 154/1993, do 24 de xuño, polo que se aproba o réxime xurídico básico do servizo público de xestión dos residuos industriais na Comunidade Autónoma de Galicia.

A nova licitación levouse a cabo na modalidade de contrato administrativo especial, coherentemente coa perda da condición de servizo público do tratamento de residuos industriais e tras unha decisión xurídica amparada na lei de contratos do sector público.

O 10% correspondente á participación da Xunta de Galicia na sociedade de economía mixta.

Sogarisa forma parte do resto de activos e pasivos da sociedade, obxecto de liquidación tras a súa extinción, como calquera outra persoa xurídica deste tipo. Procedéndose tras o dito proceso de liquidación, no seu caso, ao reintegro dos créditos a favor das partes que lles corresponden.

En data 2/6/2016 iniciouse un procedemento sancionador pola suposta execución dunha rede de drenaxe non contemplada na autorización ambiental integrada da instalación. Este procedemento foi finalmente arquivado, concluíndo que non existía incumprimento da autorización constitutivo de infracción ao terse constatado que dita rede foi executada con carácter temporal en tanto non se solventaba unha obstrución xurdida na rede orixinal.

CVE-PREPAR: cd921c91-f056-ff57-5432-bf3f02af6ea7

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:13:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:13
Nº Rexistro: 34842
Data envio: 27/08/2018 10:13:25.481

En canto ás toneladas de residuos xestionadas foron as seguintes:

- 2009: 81.902,49

- 2010: 103.664,33

- 2011: 100.675,34

- 2012: 97.501, 87

- 2013: 83.494, 24

- 2014: 86.889, 10

- 2015: 84.276,57

- 2016: 83.077

A oferta formulada pola entidade finalmente adxudicataria incluía o proxecto organizativo de do persoal.

Por último, cómpre subliñar que desde a data 28/12/2016 en que a UTE se fixo cargo da Planta de Tratamento de Residuos Industriais vén dedicándose de maneira total á prestación do servizo de xestión e tratamento de residuos industriais. En consecuencia, o convenio colectivo aplicable é o de Residuos, publicado no BOE de data 23 de setembro de 2016. No entanto, en virtude do disposto no artigo 44.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, o convenio aplicado ata 31/12/2017 (data da súa expiración) era o da Industria Química, por ser este polo que se rexían as relacións laborais dos traballadores afectados pola sucesión de empresa operada polo cambio de concesionario".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: cd921c91-f056-ff57-5432-bf3f02af6ea7

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:13
Nº Rexistro: 34842
Data envio: 27/08/2018 10:13:25.481

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:13:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:13
Nº Rexistro: 34840
Data envio: 27/08/2018 10:13:08.090
Data 27/08/2018 10:13

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25233,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego referidas á inclusión do Observatorio dos ríos de Galicia no organigrama da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio"**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"O referido órgano colexiado adscríbese á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, tal e como establece o artigo 3 do Decreto 15/2018, do 25 de xaneiro, polo que se crea e regula o Observatorio Autonómico dos ríos de Galicia.

O observatorio concíbese como un órgano colexiado de asesoramento apoio e consulta, encaixando, polo tanto, as súas funcións no establecido no artigo 22 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Administración Xeral e Sector Público de Galicia.

O Decreto 15/2018, do 25 de xaneiro, dedica o seu capítulo III ao desenvolvemento das normas básicas de funcionamento deste órgano consultivo. No punto 6 do artigo 12, contémplase a cuestión formulada ao respecto do seu réxime de funcionamento.

En canto ao financiamento, a resposta a esta cuestión inclúese na disposición adicional primeira do citado decreto, mentres que a súa estrutura e composición vén detallada no capítulo II.

O decreto dedica o seu artigo 6 a detallar a presidencia do Observatorio. O resto dos representantes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que formarán parte deste órgano consultivo, así como as súas funcións, están especificados nos artigos 7, 8 e 9 do citado decreto.

CVE-PREPAR: 1f9b8b20-75f9-d3d5-e235-5278eeada703

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:13:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:13
Nº Rexistro: 34840
Data envio: 27/08/2018 10:13:08.090

En total, conforman este órgano consultivo un total de 35 membros. A súa composición atende á necesidade de contar coa máxima representatividade dos principais sectores implicados na xestión nas materias incluídas dentro do seu ámbito de aplicación, acorde en todo caso coa natureza deste órgano de asesoramento".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: 1f9b8b20-75f9-d3d5-e235-5278eeada703

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:13
Nº Rexistro: 34840
Data envio: 27/08/2018 10:13:08.090

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:13:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:12
Nº Rexistro: 34837
Data envio: 27/08/2018 10:12:41.996
Data 27/08/2018 10:12

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25390,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da publicación no Portal de transparencia e goberno aberto do informe referido ao grao de cumprimento pola Xunta de Galicia dos acordos adoptados polo Parlamento galego"**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"O informe ao que fai referencia o artigo 19 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno xa está dispoñible no Portal de Transparencia no apartado de Relacións da Xunta co Parlamento de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 661c8b44-e1b3-cb92-b4c6-a89dc2242780

118372
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:12:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:12
Nº Rexistro: 34837
Data envio: 27/08/2018 10:12:41.996

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:12:38

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:12
Nº Rexistro: 34835
Data envio: 27/08/2018 10:12:23.293
Data 27/08/2018 10:12

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25403,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns do aumento dos custos de papel e de impresión dos xulgados de Galicia en case o 45%, dende que entrou en vigor o obxectivo denominado papel cero na Administración de Xustiza"**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"A xeneralización das comunicacións electrónicas entre xulgados e profesionais produciuse no ano 2016, cando estivo vixente a obriga de empregar a dobre vía de presentación telemática en papel.

Esa foi a razón polo que ese ano se detectou un incremento dos gastos de papel e impresión, pero a evolución desta implantación e a súa extensión a outros colectivos seguiu avanzando, ata estar hoxe en día nun escenario de consolidación, con niveis de gasto e impresión similares aos do ano 2015. De feito, se se computan tan só os gastos de impresión, no 2017 foron inferiores aos de 2015. Polo tanto, trala consolidación da tramitación telemática, o custo en impresión, lonxe de aumentar, está a diminuír.

Por outra banda, a implantación do sistema de comunicacións electrónicas da man da Lei 42/2015, do 5 de outubro, de reforma da Lei de axuizamento civil (que estableceu a obrigatoriedade para todos os profesionais da xustiza -avogados, procuradores, graduados sociais, letrados das administracións públicas, etc.- de comunicarse cos órganos e oficinas xudiciais cos sistemas telemáticos existentes na Administración de xustiza), requiriu nun primeiro momento dun importante esforzo de adaptación, de xeito que existiron períodos transitorios de dobre vía (papel-telemático), como antes se mencionou, segundo se despregaba e consolidaba o sistema e se solucionaban determinadas cuestións.

CVE-PREPAR: d4d609e0-ac19-7631-9f89-ce3147ad9372

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:12:06

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:12
Nº Rexistro: 34835
Data envio: 27/08/2018 10:12:23.293

Actualmente, estes períodos de simultaneidade xa non se consideran necesarios, pois a día de hoxe o canal de comunicación a través de LexNET está consolidado e xeneralizadas as comunicacións electrónicas e a presentación telemática de demandas e escritos por parte dos profesionais da Xustiza ante os xulgados. O pasado ano 2017 na nosa Comunidade Autónoma de Galicia alcanzáronse os 6 millóns de comunicacións electrónicas. Ademais, continúase traballando para a súa extensión aos Centros penitenciarios, hospitais, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

Finalmente, con relación ás comisións de seguimento, a Xunta de Galicia forma parte de distintos foros para coñecer en detalle a implantación das comunicacións telemáticas: así, a través da Amtega, forma parte do grupo de traballo de comunicacións telemáticas que coordina o avance do despregamento de LexNET no seo do Comité Estatal da Administración Xudicial Electrónica; e, por outra banda, a Xunta ten posto en marcha un grupo de 'administración electrónica' cos representantes do Poder Xudicial, da Fiscalía, Avogados e Procuradores, que manteñen reunións periódicas para avaliar a implantación das diversas ferramentas tecnolóxicas nos órganos xudiciais e fiscais de Galicia**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: d4d609e0-ac19-7631-9f89-ce3147ad9372

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:12
Nº Rexistro: 34835
Data envio: 27/08/2018 10:12:23.293

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:12:06

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:11
Nº Rexistro: 34831
Data envio: 27/08/2018 10:11:31.636
Data 27/08/2018 10:11

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25452,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o prazo previsto polo Goberno galego para dotar de medios suficientes ao Xulgado mixto de Carballo para atender as demandas desa demarcación"**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"Os cadros de persoal dos xulgados de Carballo atópanse cubertos na súa totalidade. Ademais, segundo a información estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) correspondente ao ano 2017, teñen unha carga de entrada de asuntos dentro do módulo establecido polo CXPX. Polo tanto, a dotación de persoal dos órganos en cuestión é acorde coas características dos mesmos.

En canto ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrución N.º1 de Carballo, que ten atribuído por acordo do órgano de goberno do Poder Xudicial o coñecemento dos asuntos en materia de violencia de xénero, conta cun funcionario de reforzo, concretamente do Corpo de Tramitación Procesual e Administrativa.

Por outra banda, hai que precisar que non existe unha asignación orgánica dos funcionarios dos xulgados a unha ou a outra materia (civil/penal), senón que lle corresponde aos directores da oficina xudicial, en cumprimento das función que lles atribúe o artigo 457 da Lei orgánica do poder xudicial, organizar o servizo distribuíndo as tarefas entre os diversos membros da oficina xudicial.

A dotación de persoal psicólogo radícase nas sete grandes cidades, de acordo coa organización territorial do Instituto de Medicina Legal de Galicia e a súa estrutura en 7 subdirección territoriais. No caso de Carballo corresponde ao ámbito de actuación da subdirección territorial da Coruña, desde onde se presta a atención psicolóxica aos partidos xudiciais da Coruña, Betanzos, Corcubión e Carballo.

CVE-PREPAR: 95696277-2de8-1512-5b37-61c59c7bf3d2

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:11:27

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:11
Nº Rexistro: 34831
Data envio: 27/08/2018 10:11:31.636

Finalmente, a Comisión Mixta formada polo Tribunal Superior de Xustiza e a Xunta de Galicia é o marco no cal se analizan, entre outras, as necesidades en materia de persoal ao servizo da Administración de Xustiza dependente da comunidade autónoma, actuando a Xunta de Galicia conforme as decisións que alí se adopten."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 95696277-2de8-1512-5b37-61c59c7bf3d2

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:11
Nº Rexistro: 34831
Data envio: 27/08/2018 10:11:31.636

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:11:27

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:10
Nº Rexistro: 34828
Data envio: 27/08/2018 10:10:29.150
Data 27/08/2018 10:09

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25582,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **"a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da necesidade de rehabilitación pola Xunta de Galicia do patrimonio que posúe no barrio da Tinería da cidade de Lugo, en especial, a casa coñecida como Hospital de San Miguel e o Pazo de Dona Urraca"**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en resposta á pregunta oral en Comisión número 25572, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 4ª celebrada o día 5 de abril de 2018, á que nos remitimos.

A resposta completa do secretario xeral técnico pode verse nos seguintes enlaces:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2018-04-05?part=fc10c9d2-4360-473c-a30f-e926a409e4ec&start=1897

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2018-04-05?part=fc10c9d2-4360-473c-a30f-e926a409e4ec&start=2850".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: fc582d57-0cd7-41f1-06a7-21a4b3d02140

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:09:57

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:10
Nº Rexistro: 34828
Data envio: 27/08/2018 10:10:29.150

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:09:57

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 09:58
Nº Rexistro: 35329
Data envio: 30/08/2018 09:58:47.204
Data 30/08/2018 09:58

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 25789,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as máis, sobre **"o balance polo Goberno galego do Plan de saneamento 2000-2015"**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"No Plan de Saneamento están planificadas todas as depuradoras de máis de 2.000 habitantes equivalentes. Actualmente, están executadas todas as depuradoras recollidas nesa planificación agás a de Poio-Raxó (por razóns alleas á Administración autonómica, xa que a ubicación debe ser decidida polo concello) e a nova EDAR de Santiago de Compostela (da que en breve se asinará o convenio entre as tres partes implicadas).

Como balance, cómpre incidir en que se está a dar cumprimento á lexislación existente en materia de saneamento.

Sobre o número de cidadáns que dispoñen de sistemas de saneamento individuais, cómpre lembrar que o saneamento é unha competencia municipal, polo que Augas de Galicia non dispón desta información.

En canto ao nivel de cumprimento do Plan de Saneamento 2000-2015, cómpre lembrar que a previsión era de poñer os mecanismos en 154 aglomeracións urbanas de máis de 2.000 habitantes equivalentes. Destas aglomeracións, como xa se indicou, unicamente están pendentes de executar a depuradora de Poio-Raxó e a depuradora de Santiago de Compostela."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: d67b0723-0058-4d69-78c8-09d1d83fad46

118382

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 30/08/2018 09:58:43

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 09:58
Nº Rexistro: 35329
Data envio: 30/08/2018 09:58:47.204

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/08/2018 9:58:43

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:45
Nº Rexistro: 35095
Data envio: 27/08/2018 11:45:25.525
Data 27/08/2018 11:45

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25792,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **"a implantación de novas infraestructuras de tratamento no período de vixencia do Plan de residuos industriais de Galicia 2016-2022"**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

"O Plan de Residuos Industriais de Galicia 2016-2022 establece en base aos últimos datos consolidados no momento de elaboración da planificación unha diagnose por fluxo de residuo identificando a capacidade de tratamento instalada e a xestión dese fluxo nesas instalacións".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 13a31105-4d97-5572-6810-0383b2ba45a5

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 11:45:08

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:45
Nº Rexistro: 35095
Data envio: 27/08/2018 11:45:25.525

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:45:08

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:45
Nº Rexistro: 35094
Data envio: 27/08/2018 11:45:04.603
Data 27/08/2018 11:45

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25795,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a atención ás vítimas de violencia machista nas dependencias xudiciais"**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"A atención e apoio ás vítimas de violencia de xénero e ás vítimas necesitadas de especial protección nas actuacións xudiciais é unha prioridade da Xunta de Galicia.

No caso de Pontevedra, o novo edificio xudicial da Parda permitirá mellorar a sala de espera da que dispoñen as vítimas. A finalización das obras implicará unha redistribución de espazos en todo o complexo e proporcionará máis superficie e comodidade.

Pero mentres ese edificio non está rematado, a Xunta de Galicia ten adoptado medidas para mellorar as instalacións actuais, xa que foron construídas a principios dos anos 90 do século pasado e non contaban con espazos deste tipo.

Así, agora mesmo, no edifico actual hai habilitados dous espazos para que as vítimas poidan esperar na sede xudicial. Na planta baixa hai un espazo, ao carón das salas de vistas, que se emprega como sala de espera. Ademais, hai outro espazo máis no segundo andar que tamén pode ser utilizado como sala de espera das vítimas e que acaba de ser acondicionado co obxectivo de que resulte máis cómodo e acolledor para os usuarios e usuarias. Así, instaláronse vinilos nas ventás que permiten garantir a intimidade das vítimas, así como mobiliario axeitado.

O apoio ás vítimas é unha das prioridades da Xunta de Galicia, tanto para ofrecerlles todas as facilidades posibles como para apoialas durante o proceso xudicial. De feito, púxose en marcha un programa piloto co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para dotar de persoal psicólogo ás

CVE-PREPAR: 6cf80b94-efc9-1870-26f7-3db36d0b5a95

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 11:45:01

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:45
Nº Rexistro: 35094
Data envio: 27/08/2018 11:45:04.603

oficinas de atención ás vítimas das sete cidades, incluída Pontevedra. O éxito deste programa levou á Xunta de Galicia a consolidalo mediante sete prazas deste persoal que ofertarán este servizo de forma estable."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 6cf80b94-efc9-1870-26f7-3db36d0b5a95

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:45
Nº Rexistro: 35094
Data envio: 27/08/2018 11:45:04.603

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:45:01

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:39
Nº Rexistro: 35157
Data envio: 28/08/2018 10:39:51.105
Data 28/08/2018 10:39

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 25796,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as máis, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para facer efectiva a intermodalidade entre as estacións de trens e autobuses de Pontevedra"**, (publicada no BOPG número 260, do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"O 2 de agosto de 2017 asinouse o Convenio Marco de Colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Pontevedra.

O 18 de xuño de 2018, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, xunto co delegado territorial da Xunta en Pontevedra e o alcalde de Pontevedra, presentou o deseño do conxunto intermodal da cidade, que unirá a estación de tren e a estación de autobús.

O complexo intermodal da cidade de Pontevedra inclúe:

- Unha terminal de autobuses renovada e modernizada;
- O vínculo peonil entre as dúas estacións a través dunha pasarela a nivel;
- Un novo acceso á estación de autobuses a través de Josefina Arruti;
- E a adecuación de todo o seu contorno.

Estanse a ultimar os proxectos correspondentes, tanto á estación de autobuses como á intermodalidade e adecuación do contorno urbano."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 9e0c9c00-1592-2327-86e7-85334921ef56

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2018 10:39:33

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:39
Nº Rexistro: 35157
Data envio: 28/08/2018 10:39:51.105

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:39:33

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:44
Nº Rexistro: 35093
Data envio: 27/08/2018 11:44:57.040
Data 27/08/2018 11:44

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25804,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **"a elaboración polo Goberno galefo dun plan de adaptación de Galicia ao cambio climático"**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está elaborando a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, que estará rematada a finais deste ano 2018. A adaptación constitúe un dos bloques principais dos que se compón esta estratexia e está prevista a definición de obxectivos e liñas de actuación a partir das proxeccións climáticas existentes e mediante unha análise de vulnerabilidade dos sectores socioeconómicos máis relevantes".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 4900b4b6-4076-5299-5407-8f33751490e7

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 11:44:53

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:44
Nº Rexistro: 35093
Data envio: 27/08/2018 11:44:57.040

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:44:53

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:05
Nº Rexistro: 35084
Data envio: 27/08/2018 11:05:17.869
Data 27/08/2018 11:05

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25805,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre **"Sobre os proxectos previstos polo Goberno galego para a Administración de Xustiza no ano 2017"**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"O Plan de Infraestruturas Xudiciais, cun investimento total previsto de preto de 100 millóns de euros e aprobado pola Xunta de Galicia na pasada lexislatura, comprende actuacións de rehabilitación, ampliación ou nova construción e obras de mantemento e mellora nos actuais edificios de xulgados. Trátase, ademais, dun plan adaptable ás novas necesidades que poidan ir xurdindo.

No período 2010-2017 destaca a construción de novos edificios xudiciais como os de Santiago, Ourense e o Servizo Común de Actos de Comunicación e Execución (SCACE) de Vigo, así como rehabilitacións integrais de edificios de carácter histórico, como a da antiga Fábrica de Tabacos da Coruña e a construción da nova sede para o Rexistro Civil da Coruña. Tamén se acometeron outras obras importantes de acondicionamento ou mellora das instalacións, como poden ser as obras de climatización en Vigo, Vilagarcía de Arousa e Cambados ou importantes investimentos de mellora nos edificios dos xulgados de Coruña e Ferrol. En definitiva, neste período acometéronse investimentos nas infraestruturas da práctica totalidade dos partidos xudiciais de Galicia.

Continuando con este esforzo inversor, a Xunta de Galicia no 2018 prosegue coa execución doutros proxectos que supoñen importantes investimentos:

- O novo edificio xudicial de Pontevedra (cun investimento total de 19,5 millóns de euros), que finalizará a súa construción no primeiro semestre de 2019.

- A rehabilitación integral do antigo Hospital Xeral de Vigo, como nova sede da Cidade da Xustiza, cuxo investimento total superará os 30 millóns de euros. En xullo de 2017 comezou

CVE-PREPAR: 3f063992-a935-fd70-0954-c6cf8207d6c3

118393
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 11:05:14

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:05
Nº Rexistro: 35084
Data envio: 27/08/2018 11:05:17.869

a execución a primeira fase do proxecto, que consiste na demolición dos elementos non aproveitables do vello hospital, e que xa rematou. En xuño de 2018 comezou a segunda fase, coa previsión de que a nova Cidade da Xustiza de Vigo sexa unha realidade no ano 2020.

- O novo edificio xudicial de Tui. No 2017 iniciáronse as actuacións previas necesarias para a rehabilitación do antigo centro de saúde de Tui como nova sede xudicial, reagrupando nela as dependencias que na actualidade están dispersas. En agosto de 2018 xa comezaron as obras, cun prazo de execución previsto dun ano e cun investimento total que superará os 2 millóns de euros.

Por outra banda, o ano 2018 finalizará cun investimento total en obras menores e actuacións de eficiencia enerxética en sedes xudiciais de arredor de 2 millóns de euros, o que supón un incremento do 28% con respecto á contía do ano 2016".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 3f063992-a935-fd70-0954-c6cf8207d6c3

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:05
Nº Rexistro: 35084
Data envio: 27/08/2018 11:05:17.869

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:05:14

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:05
Nº Rexistro: 35083
Data envio: 27/08/2018 11:05:09.869
Data 27/08/2018 11:05

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 25806,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as máis, sobre **"a aprobación polo Goberno galego dun plan director de mobilidade alternativa de Galicia"**, (publicada no BOPG número 260, do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego considera que os modos de transporte non motorizados son eficientes para cubrir os desprazamentos que realiza a diario a poboación galega e que do seu uso se derivan beneficios en moi diversas áreas: mobilidade, calidade do aire, saúde, igualdade, benestar, economía, patrimonio e urbanismo. Neste sentido, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo o Plan de Sendas de Galicia, liña de actuación que conxuga a promoción dunha economía baixa en carbono, mediante o fomento da mobilidade sustentable, coa mellora da seguridade viaria, de acordo co Plan de Seguridade Viaria 2016-2020 e, por suposto, coa promoción do transporte público en Galicia.

O Plan comezou coa elaboración dunha 'Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia' cuxo obxecto é crear sendas ao longo das estradas de titularidade autonómica que diminúan o perigo para as persoas que opten pola mobilidade alternativa e que faciliten ou fagan posible que o conxunto de usuarios (vehículos, peóns e ciclistas) circulen en condicións de maior seguridade. Co fin de lograr unha axeitada programación dos investimentos a realizar, elaborouse un estudo para priorizar as zonas de actuación, a escala comarcal. Seleccionáronse 11 áreas nas que se teñen desenvolvido documentos de estratexias en materia de mobilidade alternativa a nivel local, 7 nunha primeira fase (A Coruña, Ferrol, Bergantiños, Terra Cha, Salnés, Vigo, Santiago) e 4 na segunda (O Morrazo, Pontevedra, Lugo e Ourense).

O Plan de Sendas de Galicia conta en 2018 con preto de 12 millóns de euros, o que permitirá rematar actuacións en execución ou xa licitadas e impulsar outras novas nas comarcas galegas nas que se está a desenvolver.

CVE-PREPAR: aa6b9354-5935-3fb1-8c80-5c45b3c8fd89

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 11:05:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:05
Nº Rexistro: 35083
Data envio: 27/08/2018 11:05:09.869

O fomento da mobilidade alternativa por parte da Administración autonómica reflíctese tamén en diversas actuacións no ámbito normativo, entre as que destacan as revisións dos distintos Plans Xerais de Ordenación Urbana para a súa adaptación á LOUGA; o Plan de Ordenación do Litoral; as Directrices de Ordenación do Territorio; ou a Lei 8/2013, do 28 de xuño de estradas de Galicia.

No ano 2016 a Axencia Galega de Infraestruturas elaborou a 'Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia', en resposta á necesidade de adaptar o Plan Director de Mobilidade Alternativa de Galicia a unha escala comarcal cuns ámbitos urbanos ou periurbanos e co fin de facilitar os desprazamentos cotiás. Polo tanto, o Plan Director de Mobilidade Alternativa de Galicia é un instrumento técnico que xa está a ser desenvolvido, a escala comarcal e para desprazamentos cotiás, pola 'Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia' e as estratexias comarcais que derivan dela. En definitiva, trátase dun documento de referencia que xa está a ser útil.

Cómpre lembrar, ademais, que a mobilidade sustentable non se pode entender sen unha forte aposta polo transporte público colectivo, polos medios de transporte que minimizan as emisións por usuario e que precisan dunha boa planificación para poder responder ás necesidades de mobilidade dos cidadáns. A esta aposta responde o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, impulsado pola Xunta, e actualmente en funcionamento en 5 áreas e 65 concellos galegos; ou o Plan de Transporte Público de Galicia, cuxa segunda fase está se está a desenvolver nestes momentos, co obxectivo de lograr uns servizos mellor adaptados ás necesidades dos cidadáns no horizonte do ano 2019."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: aa6b9354-5935-3fb1-8c80-5c45b3c8fd89

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:05
Nº Rexistro: 35083
Data envio: 27/08/2018 11:05:09.869

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:05:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:31
Nº Rexistro: 35126
Data envio: 28/08/2018 10:31:24.705
Data 28/08/2018 10:31

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 25812,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as máis, sobre **"a prestación de servizos pola nova concesionaria da liña de transporte por estrada XG521 Salvaterra-Vigo con anexos"**, (publicada no BOPG número 260, do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"O Plan de Transporte Público de Galicia, cuxa primeira fase se puxo en marcha o 8 de agosto de 2017, cumpriu cos obxectivos de non deixar Galicia nin un só día sen transporte, garantindo emprego e mellorando o servizo no rural.

Trátase dun plan vivo e, como tal, aberto á participación e colaboración por parte dos concellos e demais axentes implicados.

Nesta liña de traballo, foron diversos os contactos das Xefaturas Territoriais da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e os distintos concellos, dando como resultado xeral a introdución de modificacións dirixidas a unha mellor atención das necesidades de mobilidade dos veciños.

Ao tempo, estanse a analizar as condicións de prestación e as demandas existentes nos traballos de campo no marco da segunda fase do Plan de Transporte Público de Galicia que está a desenvolver a Xunta, traballos de campo que inclúen encontros con todos os concellos e enquisas en centros sanitarios, educativos, estacións ou paradas, entre outros."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: fbcb1952-d378-f301-2cc1-e57fcb2d8c46

118399

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2018 10:31:20

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:31
Nº Rexistro: 35126
Data envio: 28/08/2018 10:31:24.705

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:31:20

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:05
Nº Rexistro: 35082
Data envio: 27/08/2018 11:05:01.463
Data 27/08/2018 11:04

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25833,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"que tipo de controis das actuacións contratadas para o servizo de limpeza de marxes en tramos fluviais de Galicia se realizan polos servizos provinciais da Dirección Xeral de Patrimonio Natural"**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"Os controis sobre o terreo das actuacións realizadas no marco deste contrato realizáronse desde os servizos provinciais de Conservación da Natureza, dependentes das xefaturas territoriais. Ademais, designáronse técnicos de cada servizo como responsables da supervisión dos lotes de dito contrato.

En canto aos resultados destas actuacións nas catro provincias, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio facilitou a información requirida a este respecto a través da resposta as solicitudes de datos con números de rexistro 31659 e 31361; formuladas polo mesmo grupo parlamentario autor desta pregunta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: a32d1185-8924-0351-f503-9259bed04636

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 11:04:57

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:05
Nº Rexistro: 35082
Data envio: 27/08/2018 11:05:01.463

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:04:57

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:04
Nº Rexistro: 35079
Data envio: 27/08/2018 11:04:37.431
Data 27/08/2018 11:04

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 25969,** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Paula Vázquez Verao, sobre **"as razóns existentes para non informar nos telexornais da TVG do día 8 de febreiro de 2018 da rolda de prensa ofrecida por un grupo parlamentario da oposición"**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia,** que ten o seguinte contido:

"Tanto as actividades de En Marea no Parlamento galego como as do seu líder -e xefe da oposición- o señor Villares, ou as dos seus parlamentarios, teñen a cobertura e a presenza nos medios de comunicación públicos que merece a segunda forza política de Galicia, como non podería ser doutro xeito.

O día concreto ao que se refiren vostedes estaba convocada unha rolda de prensa na que falaban Luis Villares e Santiago Lago. Por certo, polo que recordan os responsables do Telexornal, nesa comparecencia ante os medios a maior parte do protagonismo quedou reservada para Santiago Lago, que falou sobre financiamento autonómico.

Despois de escoitar o que deu de si a rolda de prensa daquel día, e atendendo ao relato informativo completo dese 8 de febreiro, o criterio dos responsables do informativo foi o de que o principal partido da oposición espuxese a súa postura sobre financiamento e quita, completando desde outro punto de vista o que sobre o mesmo asunto expresara o Presidente Feijóo na rolda de prensa posterior ao Consello da Xunta.

Nos arquivos de escaleta do Telexornal Mediodía do 8 de febreiro de 2018 a entrada do inserto do señor Lago é a seguinte:

'En Marea asegura que a débeda das comunidades é impagable se non se aplica unha quita, pero considera inxusto que o ministro de Facenda queira deixar fóra desta reestruturación a Galicia. ({entra VTR})'

CVE-PREPAR: 3ff70d54-ed79-1916-fcf1-9e5156084918

118403
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 11:04:34

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:04
Nº Rexistro: 35079
Data envio: 27/08/2018 11:04:37.431

Con esta introdución se lle daba pé a un inserto de 25 segundos, pedindo unha quita da débeda igual para todas as comunidades.

O devandito inserto, a pesares de estar editado e preparado para lanzar ao aire non se chegou a emitir, e así aparece reflectido nos arquivos.

Se un está familiarizado coas escaletas de traballo da TVG comprobará que cando unha fila está en vermello quere dicir que, pola razón que sexa, esa fila foi 'saltada', que non se emitiu. As razóns son de distinto tipo, sobre todo por cuestións de tempo ou de problemas técnicos. Este, por desgraza, foi o caso. Antes de emitirse comprobouse que non se rexistrara ben o audio na cinta de emisión... Algo que ocorre de cando en vez e que, neste caso, tocou cunha cinta en que había unha rolda de prensa do grupo parlamentario que fai a pregunta.

Así pois, ese foi o único motivo e como saben xa que escrutan con detención o labor dos informativos da CRTVG como non podería ser de outra forma, non é un erro que afecte a En Marea de forma habitual. Así foi neste caso, isto é televisión en directo e poden pasar estas cousas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: 3ff70d54-ed79-1916-fcf1-9e5156084918

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:04
Nº Rexistro: 35079
Data envio: 27/08/2018 11:04:37.431

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:04:34

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 09:59
Nº Rexistro: 35333
Data envio: 30/08/2018 09:59:31.955
Data 30/08/2018 09:59

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 24383,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o incremento da factura da luz das persoas consumidoras de electricidade en Galicia a causa da aplicación do canon eólico"**, (publicada no BOPG número 255 do 7 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria,** que ten o seguinte contido:

"A liña de traballo do Goberno galego no ámbito de abaratar a factura eléctrica é tratar de conseguir unha estrutura de peaxes de electricidade máis xustos e que estean destinados a cubrir os custos da enerxía eléctrica, e non outros, a esixencia de garantía e a seguridade na subministración eléctrica, así como o fomento e implantación de medidas e políticas que favorezan o aforro e a eficiencia enerxética, e por suposto, a defensa dos consumidores máis vulnerables**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 44319734-6f50-84f2-8ad6-1cf91f714998

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 30/08/2018 09:59:29

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 09:59
Nº Rexistro: 35333
Data envio: 30/08/2018 09:59:31.955

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/08/2018 9:59:29

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:04
Nº Rexistro: 35078
Data envio: 27/08/2018 11:04:29.728
Data 27/08/2018 11:04

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 26130,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o prazo previsto polo Goberno galego para a reapertura do centro de menores de Montealegre, en Ourense"**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"O Centro Montealegre, dependente da Consellería de Política Social na cidade de Ourense, era un centro xenérico destinado o acollemento residencial de menores baixo a tutela ou garda da Xunta de Galicia. Dito centro forma parte dun complexo do mesmo nome no que se inclúen ademais o Centro Montefiz e o Centro Monteledo, ambos os dous destinados ao cumprimento de medidas xudiciais impostas a menores en aplicación da Lei de responsabilidade penal do menor.

As instalacións do complexo datan do ano 1980 e presentaban, a pesar dos labores de mantemento que de xeito continuado se realizan por persoal propio e externo, importantes deficiencias e carencias postas de manifesto por diversos profesionais nos últimos anos. Por tal motivo, a Consellería realizou obras de certa magnitude (algunhas delas en todo o complexo) que afectaban ás redes e instalacións de subministro e saneamento, seguridade contra incendios, e acondicionamento do edificio, incompatibles co mantemento normal da actividade, que foron recepcionadas no mes de agosto de 2017, cunha inversión de 1,5 millóns de euros.

Nesta liña, ponse en funcionamento un centro específico e único na comunidade autónoma, no actual de Montealegre, para dar resposta ás necesidades de acollemento residencial que carácter terapéutico e de menores con trastorno de conducta que atenda e traballe as situacións derivadas de patoloxías de saúde mental.

Por todo o anterior e tendo en conta as necesidades actuais da rede de centros de protección, dende a Consellería de Política Social tomouse conciencia de necesidade de contar con outro

CVE-PREPAR: e4047671-6d00-29d4-adb2-75c88dd72756

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 11:04:26

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:04
Nº Rexistro: 35078
Data envio: 27/08/2018 11:04:29.728

centro específico e non de características xerais, é dicir, un centro que de resposta ás necesidades daqueles menores que polas súas características non poden residir nunha casa de familia ou nun dos recursos de acollemento residencial que xa existen no sistema de protección, se non que requiren dun recurso máis específico que lles proporcione unha atención no eido terapéutico ou que axude no tratamento, intervención e mellora dos trastornos de conduta que presentan estes menores".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: e4047671-6d00-29d4-adb2-75c88dd72756

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:04
Nº Rexistro: 35078
Data envio: 27/08/2018 11:04:29.728

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:04:26

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:04
Nº Rexistro: 35076
Data envio: 27/08/2018 11:04:14.352
Data 27/08/2018 11:04

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 26397,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **"o coñecemento polo Goberno galego das intencións da Adif de privatizar a atención ao viaxeiro nas estacións de tren da comarca de Valdeorras"**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"Os contratos aos que se refire a iniciativa adxudicáronse o 27 de abril e, segundo ten manifestado o ADIF, responden á necesidade de que o persoal de circulación se dedique exclusivamente a ditas funcións, xa que até agora viña realizando tamén funcións de venda de billetes e atención aos usuarios.

Desde o Goberno galego manterase unha atención permanente sobre a prestación do servizo de venda de billetes nestas estacións ferroviarias e demandará, como veu facendo ata o de agora, que se garanta a calidade do servizo ferroviario aos usuarios e aos veciños destes municipios."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 88192ba2-2ed8-6929-8911-3c30fa0acb21

118411
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 11:04:10

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:04
Nº Rexistro: 35076
Data envio: 27/08/2018 11:04:14.352

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:04:10

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:50
Nº Rexistro: 35237
Data envio: 29/08/2018 10:50:58.931
Data 29/08/2018 10:50

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 26415,** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre **"a información da Xunta de Galicia referida ao impacto para os veciños e o suposto incumprimento da normativa de seguridade e saúde ambiental nas actividades dunha empresa louseira nas parroquias de Santa María Maior e Lindín, do concello de Mondoñedo"**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías de Economía, Emprego e Industria e Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"As cuestións formuladas foron atendidas na intervención do director xeral de Enerxía e Minas, con motivo do debate da pregunta 28117 que se desenvolveu na sesión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do 15 de xuño de 2018.

Nesta intervención trasladouse información sobre as accións levadas a cabo desde a inspección mineira esixindo a adopción das medidas necesarias para garantir a seguridade e saúde das persoas traballadoras, incluída a paralización da explotación durante o tempo necesario, así como sobre os expedientes sancionadores que se están a tramitar.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-06-15?part=cb711980-3a74-46c8-a4e4-ebc13cd0ff47&start=7933

Indicar, para rematar que como consecuencia das denuncias, Augas de Galicia abriu en xullo de 2017 un procedemento sancionador á empresa á que se fai referencia na iniciativa, polo vertido non autorizado de augas residuais."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: ef543b96-db88-cc73-c3c8-4a4b8b24e163

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 29/08/2018 10:50:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:50
Nº Rexistro: 35237
Data envio: 29/08/2018 10:50:58.931

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/08/2018 10:50:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 09:58
Nº Rexistro: 35327
Data envio: 30/08/2018 09:58:31.782
Data 30/08/2018 09:58

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 26674,** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don David Rodríguez Estévez e outros/as deputados/as máis, sobre **"as razóns da Xunta de Galicia para derrogar, a través do Decreto 11/2018, do 18 de xaneiro, a Orde do 10 de decembro de 1984, pola que se declara o acivro (Ilex aquifolium, L) especie protexida no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia"**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"Esta decisión trátase dun axuste normativo, que responde a que na actual lexislación vixente aplicable (tanto estatal como a nivel da comunidade autónoma) sobre conservación da biodiversidade non está considerada a protección específica do acivro. Esta especie tampouco está incluída no catálogo galego de especies ameazadas, regulado polo Decreto 88/2007. O obxecto foi aportar maior seguridade xurídica en relación co estatus legal desta especie.

Esta situación, en todo caso, non supón ningún obstáculo para calquera tipo de iniciativa que se puidera impulsar para a súa posible incorporación no catálogo galego de especies ameazadas, proposta que deberá xustificarse e enmarcarse, como non pode ser doutro xeito, no procedemento establecido no artigo 8 do Decreto 88/2007."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: 381c2f64-0950-7dd7-d8a6-ec5d1a3718e4

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 30/08/2018 09:58:28

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 09:58
Nº Rexistro: 35327
Data envio: 30/08/2018 09:58:31.782

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/08/2018 9:58:28

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:03
Nº Rexistro: 35071
Data envio: 27/08/2018 11:03:31.992
Data 27/08/2018 11:03

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 27007,** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto dos posibles efectos da demora na aprobación do Plan estatal de vivenda 2018-2021"**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"O convenio para o desenvolvemento en Galicia do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 foi asinado o 30 de xullo de 2018.

A Xunta de Galicia avanzou os trámites para a concesión das axudas en tanto o Ministerio de Fomento non formalizou a sinatura do convenio co Goberno galego. As primeiras axudas foron publicadas no Diario Oficial de Galicia do 28 de xuño de 2018. Trátase das axudas de alugueiro, que teñen efecto retroactivo desde o 1 de xaneiro de 2018.

En breve publicaranse novas convocatorias de axudas no marco do Plan Estatal de Vivenda, cuxa tramitación a Xunta iniciou antes da sinatura do convenio co Ministerio e se atopa xa moi adiantada."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 5a8a8c47-74d8-21d4-24b1-a1a031043dd2

118417
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 11:03:28

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:03
Nº Rexistro: 35071
Data envio: 27/08/2018 11:03:31.992

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:03:28

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:03
Nº Rexistro: 35068
Data envío: 27/08/2018 11:03:09.367
Data 27/08/2018 11:03

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 27071,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as máis, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto da posibilidade de solicitarlle ao Goberno central a modificación da cualificación da liña ferroviaria atlántica de Galicia como de 'Media Distancia' e a súa substitución pola de 'Proximidade'"**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"En Galicia, determinados servizos ferroviarios de media distancia que son deficitarios (entre eles, o de Ferrol-A Coruña-Santiago-Vilagarcía-Pontevedra-Vigo), están declarados como obriga de servizo público.

Por iso, co fin de satisfacer as necesidades de mobilidade das persoas, existe unha compensación económica da Administración á operadora, o que permite manter determinados servizos, aínda que produzan perdas, e garante o mantemento de paradas que en caso contrario se eliminarían.

Os servizos de cercanías non están pensados para percorridos tan longos como os que se formulan na iniciativa, de arredor de 200 km de distancia. Os estándares de cercanías tampouco se adaptan ao esixido nunha liña como o Eixe Atlántico, cuns servizos que achegan as cidades e acurtan considerablemente os tempos de viaxe.

Cómpre lembrar que as tarifas do Eixe Atlántico se mantiveron invariables desde a súa entrada en funcionamento, pese ás evidentes melloras nos tempos de percorrido.

Aínda así, desde a Xunta considérase necesario seguir traballando para lograr a prestación dun servizo que cada vez estea máis adaptado ás necesidades e demandas dos usuarios que utilizan

CVE-PREPAR: 5f9414b4-f5d2-2309-b992-2313a0f6bdf2

118419
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 11:03:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:03
Nº Rexistro: 35068
Data envio: 27/08/2018 11:03:09.367

esta liña e así o ten solicitado ao Goberno do Estado, que ten as competencias en materia ferroviaria."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: 5f9414b4-f5d2-2309-b992-2313a0f6bdf2

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:03
Nº Rexistro: 35068
Data envio: 27/08/2018 11:03:09.367

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:03:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:02
Nº Rexistro: 35064
Data envio: 27/08/2018 11:02:39.210
Data 27/08/2018 11:02

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 27166,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **"as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para corrixir a discriminación que padece o interior de Galicia en materia ferroviaria"**, (publicada no BOPG número 272, do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"Desde o Goberno galego mantense unha liña de atención permanente sobre o funcionamento do transporte ferroviario na Comunidade, competencia do Goberno do Estado, para que os servizos sexan máis acordes ao que os usuarios demandan e precisan.

Un dos principais obxectivos do Executivo autonómico, en relación coas infraestruturas do Estado en Galicia, é impulsar e garantir unha conexión ferroviaria de calidade para Lugo e así o ten trasladado en reiteradas ocasións ao Goberno do Estado.

Neste sentido, cómpre lembrar que o 7 de maio de 2018, o daquela ministro de Fomento presentou as actuacións de modernización nesta liña cun importante investimento e co obxectivo de lograr uns servizos ferroviarios competitivos e modernos, reducindo considerablemente o tempo de percorrido entre Lugo e Madrid.

Actuacións e planificación que a Xunta de Galicia seguirá co máximo interese."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 1c3d5b59-1e91-f715-5307-f54c0d4718e0

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 11:02:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:02
Nº Rexistro: 35064
Data envio: 27/08/2018 11:02:39.210

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:02:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:02
Nº Rexistro: 35062
Data envio: 27/08/2018 11:02:23.616
Data 27/08/2018 11:02

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 27243,** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto do arranxo das deficiencias existentes na estrada AC-564"**, (publicada no BOPG número 276 do 14 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 27245, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 300, do 4 de maio de 2018.**"**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 4fd64765-b8d4-e4b5-80f2-c55aada7bd64

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 11:02:20

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:02
Nº Rexistro: 35062
Data envio: 27/08/2018 11:02:23.616

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:02:20

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:02
Nº Rexistro: 35060
Data envio: 27/08/2018 11:02:07.913
Data 27/08/2018 11:02

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 27469,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a data prevista polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 4 de decembro de 2017 referido ás reivindicacións do persoal da Administración de Xustiza"**, (publicada no BOPG número 276 do 14 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados respectivamente polo Goberno na sesión do Pleno do Parlamento de Galicia do 20 de marzo de 2018 no debate da iniciativa con número de rexistro 24210, presentada polo mesmo grupo parlamentario, así como na sesión da Comisión 1º Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior celebrada o 4 de maio de 2018 no debate da iniciativa con número de rexistro 27468, ambas presentadas polo mesmo grupo parlamentario.

Neste sentido, cómpre recordar que o Diario Oficial de Galicia do pasado 30 de maio daba publicidade ao Acordo acadado o 23 de maio de 2018 entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT y CC.OO., para a mellora das condicións de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Acadouse un acordo nos 5 puntos obxecto da convocatoria da folga para a mellora das condicións de traballo e, en consecuencia, do servizo público que estes profesionais prestan á cidadanía, a saber:

1. Incremento do complemento retributivo de determinación autonómica.

2. Ampliación dos supostos de incapacidade laboral transitoria nos cales se percibe o 100% das retribucións.

3. Articulación dunha compensación económica que retribúa a diferenza de soldo do persoal funcionario que realice unha substitución nun corpo superior.

4. Consolidación de prazas de reforzo de máis de tres anos de duración.

CVE-PREPAR: 90ad5e17-4993-7998-72b1-3adbef0d2870

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 11:02:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:02
Nº Rexistro: 35060
Data envio: 27/08/2018 11:02:07.913

5. Amortización de prazas prevista no marco do plan de modificación dos cadros de persoal aprobado en 2012.

Cómpre salientar que o documento asinado entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT y CC.OO recoñece expresamente que con este acordo se dá cumprimento ao acordado no Parlamento de Galicia.

Respecto dos complementos retributivos de determinación autonómica (complemento autonómico e complemento específico), incrementaranse nas cantidades que, para cada corpo, se reflicten no seguinte cadro. O incremento producirase en tres anualidades, distribuído nunha porcentaxe sobre o total, do 50 % en 2018, o 30 % en 2019 e o 20 % en 2020, ata acadar a súa totalidade.

Corpo	Incremento (€/mes)
Médicos forenses	140
Xestión	135
Tramitación	127
Auxilio xudicial	122

Estes complementos serán revisados anualmente no terceiro trimestre de cada ano, para os efectos de que a modificación se poida incluír na lei de orzamentos de cada ano, coa finalidade de garantir que os traballadores da Administración de xustiza de Galicia manteñan unha posición por riba da media dos ámbitos territoriais con competencia en materia de xustiza, no que aos complementos retributivos de determinación autonómica se refire.

En canto á consolidación de prazas de reforzo, a Administración e as organizacións sindicais acordaron converter en postos de cadro de persoal aquelas prazas de reforzo que conten cunha antigüidade mínima de tres anos ininterrompidos. Para os efectos de cómputo da devandita antigüidade, tómase como referencia o 1 de xaneiro de 2015.

No que atinxe á amortización das prazas contidas no Plan de modificación dos cadros de persoal aprobado en 2012, a Administración comprometeuse a iniciar a negociación para a creación de novas prazas, tendo en consideración, a estes efectos, as incluídas no devandito plan de 2012. En todo caso, con respecto ás prazas ocupadas, a medida que vaian quedando vacantes iniciaranse os trámites necesarios para a súa modificación, con vistas á súa conversión en prazas de nova creación noutros órganos e servizos xa existentes ou novos vinculados á posta en marcha da nova oficina xudicial. No caso das amortizacións de prazas nas seccións penais das audiencias provinciais, a

CVE-PREPAR: 90ad5e17-4993-7998-72b1-3adbef0d2870

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Administración comprometeuse a deixar unha praza de tramitación máis das previstas no plan de modificación dos cadros de persoal de 2012.

Ademais, o punto 8 do Acordo recolle un plan de actuación por obxectivos, de común acordo co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e coa Fiscalía da Comunidade Autónoma, en aras de axilizar o traballo nos xulgados de xeito que, con respecto aos tempos procesuais determinados polas leis, se acurten os prazos de tramitación dos expedientes xudiciais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 90ad5e17-4993-7998-72b1-3adbef0d2870

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:02
Nº Rexistro: 35060
Data envio: 27/08/2018 11:02:07.913

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:02:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 09:58
Nº Rexistro: 35326
Data envio: 30/08/2018 09:58:24.641
Data 30/08/2018 09:58

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 27726,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o prazo previsto polo Goberno galego para o remate da residencia para a terceira idade no núcleo da Chan-Carballedo, no concello de Cerdedo-Cotobade"**, (publicada no BOPG número 280 do 21 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia no Concello de Cerdedo-Cotobade ten planificada a construción dunha edificación con destino a residencia de maiores, anexa ao actual centro de día e residencia de Cerdedo, que permitirá ampliar as prazas existentes de 18 a 49 prazas de residencia, mantendo no futuro o uso do actual centro para atención diúrna.

Para esta actuación, que xa foi licitada e está en proceso de adxudicación, están consignados no orzamento do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar un total de 1.700.000 € en tres anualidades.

En relación á construción dunha residencia no núcleo de A Chan-Carballedo, trátase dunha iniciativa municipal do Concello de Cerdedo-Cotobade que, no exercicio da súa autonomía local, planificará e financiará ese equipamento da forma que mellor conveña aos intereses municipais para facela viable, e seguindo os trámites urbanísticos, medio-ambientais e administrativos que sexan necesarios conforme á lexislación que sexa de aplicación".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: a1b906d3-5e12-92b7-e421-f42a16fbf606

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 30/08/2018 09:58:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 09:58
Nº Rexistro: 35326
Data envio: 30/08/2018 09:58:24.641

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/08/2018 9:58:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:01
Nº Rexistro: 35058
Data envio: 27/08/2018 11:01:35.474
Data 27/08/2018 11:01

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 27873,** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación de illamento no que se atopa a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, a consecuencia do corte físico da estrada OU-0807 pola Deputación provincial de Ourense"**, (publicada no BOPG número 280 do 21 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 27875, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 320, do 14 de xuño de 2018. Indicar, ademais, que con data de 26 de xullo de 2018 o Consello da Xunta aprobou definitivamente o proxecto de trazado e as expropiacións do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, unha actuación promovida pola Deputación Provincial de Ourense que busca garantir a estabilidade do treito final da estrada provincial OU-0807 e manter a actividade industrial da explotación de lousa existente.**"**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 3e8b1615-cac2-fea7-a5b1-42bed05eb877

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 11:01:31

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:01
Nº Rexistro: 35058
Data envio: 27/08/2018 11:01:35.474

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:01:31

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:01
Nº Rexistro: 35056
Data envio: 27/08/2018 11:01:17.865
Data 27/08/2018 11:01

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 27975,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da comarcalización dos servizos que prestan o Instituto de Medicina Legal de Galicia (en especial as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Vítimas e a Policía Xudicial nos xulgados específicos de violencia contra a muller"**, (publicada no BOPG número 280 do 21 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego xa manifestou en reiteradas ocasións o seu respecto ás manifestacións que tiveron lugar o pasado 8 de marzo, Día Internacional da Muller, e defendeu que todos os actores -nos que se inclúe, por suposto, a Administración autonómica- debían tomar nota destas mobilizacións, en tanto a loita pola igualdade non é patrimonio exclusivo de ninguén.

Froito do seu compromiso coa igualdade plena entre homes e mulleres, nos últimos anos a Xunta ten posto en marcha un abano de iniciativas pioneiras en materia de igualdade, e o seu próximo obxectivo é seguir reforzando e ampliando esa liña de actuación.

Xa no que se refire de xeito exclusivo aos recursos da Administración de Xustiza en materia de violencia de xénero, cómpre recordar que ademais dos xulgados de Vigo e A Coruña -que coñecen exclusivamente casos de violencia machista-, existe un xulgado por cada partido xudicial que, xunto con outros, tamén atende estes asuntos.

Cómpre lembrar que a creación de novos órganos xudiciais é competencia do Goberno central. Neste marco, a determinación do número de unidades a crear nun concreto territorio, lévase a cabo en atención á cantidade de asuntos que teñen entrada nos órganos xudiciais en funcionamento, atendendo a uns módulos de carga de traballo aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial. A proposta de creación de unidades que o Goberno galego traslada ao Ministerio de Xustiza establécese xunto coas autoridades xudiciais de Galicia na Comisión Mixta Tribunal Superior de Xustiza de Galicia-Xunta de Galicia. En consecuencia, a creación dun novo órgano xudicial é

CVE-PREPAR: 31c39dc0-9621-22a2-2dd3-263db5a41223

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 11:01:14

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:01
Nº Rexistro: 35056
Data envío: 27/08/2018 11:01:17.865

estudada no seo da Comisión Mixta e valorada en función da carga de traballo dos actuais xulgados e o número de unidades que Galicia poida propoñer para a súa posterior creación.

En canto á organización territorial do Imelga, esta estrutúrase nun total de 7 subdireccións territoriais: a da Coruña (cuxo ámbito de actuación comprende os partidos xudiciais da Coruña, Betanzos, Carballo e Corcubión); Ferrol (que comprende os partidos xudiciais de Ferrol e Ortigueira); Santiago de Compostela (para os partidos xudiciais de Arzúa, A Estrada, Lalín, Muros, Negreira, Noia, Ordes, Padrón, Ribeira e Santiago de Compostela); Lugo (con ámbito de actuación en toda a provincia); Ourense (tamén con ámbito provincial); Pontevedra (cuxo ámbito de actuación son os partidos xudiciais de Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Marín, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa); e Vigo (que comprende os partidos xudiciais de Ponteareas, Redondela, O Porriño e Tui).

Pola súa banda, as Oficinas de asistencia ás vítimas, radicadas nas 7 grandes cidades galegas, prestan a asistencia integral e coordinada ás vítimas que acudan ás ditas oficinas nos termos recollidos na Lei 4/2015, independentemente do lugar de comisión do delito, incluída a atención psicolóxica desde 2017. Isto sen prexuízo dos demais recursos e servizos que desde a Secretaría Xeral de Igualdade existen para a atención ás vítimas de violencia de xénero. En concreto, este centro directivo coordina recursos e programas de atención psicolóxica, que están a disposición das vítimas de xeito gratuíto as 24 horas do día e dispón do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, no que traballan profesionais do ámbito da avogacía, psicoloxía, traballo social ou terapia ocupacional, cun programa de atención integral, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 31c39dc0-9621-22a2-2dd3-263db5a41223

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:01
Nº Rexistro: 35056
Data envio: 27/08/2018 11:01:17.865

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:01:14

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:00
Nº Rexistro: 35052
Data envio: 27/08/2018 11:00:45.911
Data 27/08/2018 11:00

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 28362,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis, sobre **"o horizonte temporal previsto polo Goberno galego para a ampliación e mellora dos horarios do tren rexional entre Ourense e Santiago de Compostela para a conexión das poboacións intermedias"**, (publicada no BOPG número 284, do 27 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"Como xa explicou o director xeral de Mobilidade no marco da Comisión 2ª celebrada o pasado 22 de marzo de 2018, en resposta a unha iniciativa de similar contido e formulada por este mesmo grupo parlamentario (iniciativa número 26283), a Xunta de Galicia aposta por continuar a mellorar os servizos de transporte ferroviario no corredor Ourense-Santiago e a súa maior adaptación ás necesidades dos usuarios.

O Goberno galego segue con atención os servizos ferroviarios que se prestan en Galicia e vén demandando ante o Ministerio de Fomento, que é quen ten as competencias en materia ferroviaria, e ante a operadora Renfe, que continúen a traballar na súa mellora; e así o seguirá a demandar tamén ante o novo Goberno do Estado. Melloras referidas, entre outros aspectos, á adecuación das frecuencias e adecuación aos horarios demandados polos usuarios recorrentes; posibles transbordos con outras liñas; reforzo de servizos en épocas do ano con demandas especiais; flexibilización das condicións de uso dos bonos; redución de tarifas ou adaptación de oferta e demanda da liña rexional e estacións intermedias."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 2f965415-1468-7890-4fc8-d3c75410b078

118437
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 11:00:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:00
Nº Rexistro: 35052
Data envio: 27/08/2018 11:00:45.911

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:00:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:00
Nº Rexistro: 35050
Data envio: 27/08/2018 11:00:29.583
Data 27/08/2018 11:00

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 28400,** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as intencións do Goberno galego respecto da creación da comisión de seguimento da vía de alta capacidade Costa Norte"**, (publicada no BOPG número 287 do 4 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 28404, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 300, do 4 de maio de 2018.**"**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 38cacf55-5ec3-dbe0-9f28-d47c1fdc3cd9

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 11:00:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:00
Nº Rexistro: 35050
Data envio: 27/08/2018 11:00:29.583

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:00:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:59
Nº Rexistro: 35046
Data envio: 27/08/2018 10:59:55.613
Data 27/08/2018 10:59

AG/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 28733,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o coñecemento polo Goberno galego da situación na que se atopa o Centro de Reforma de Menores Avelino Montero, de Pontevedra"**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 1ª do 8 de xuño de 2018 pola directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica- ao darlle resposta á pregunta 28741 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 79f832f9-b921-8237-8e29-6f4a60b20764

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:59:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:59
Nº Rexistro: 35046
Data envio: 27/08/2018 10:59:55.613

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:59:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:31
Nº Rexistro: 35125
Data envio: 28/08/2018 10:31:16.424
Data 28/08/2018 10:31

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 28948,** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre **"a opinión da Xunta de Galicia respecto do prazo razoable de espera para a retirada dos pasos a nivel situados dentro dos núcleos de poboación"**, (publicada no BOPG número 293 do 18 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"O concurso de 'Redacción de proxectos de supresión de pasos a nivel en liñas da rede convencional (rc). traxectos: Ourense-Monforte-Lugo. (9 lotes)', que inclúe os 36 pasos a nivel aos que se refire a iniciativa, licitouse por ADIF por un importe de 2.359.115,79 euros, estando pendente de adxudicación.

Desde o Goberno galego mantense unha liña de atención permanente sobre o funcionamento do transporte ferroviario na Comunidade, que é competencia estatal, co obxectivo de que os servizos sexan máis acordes ao que os usuarios demandan e precisan e con infraestruturas propias do século XXI o que, por suposto, inclúe a supresión de pasos a nivel, fundamental para incrementar a comodidade e reducir os tempos de viaxe pero, ante todo, para mellorar os parámetros de seguridade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: f6967a39-4137-7217-e2c0-291a12548599

118443

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/08/2018 10:31:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:31
Nº Rexistro: 35125
Data envio: 28/08/2018 10:31:16.424

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:31:12

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:59
Nº Rexistro: 35043
Data envio: 27/08/2018 10:59:31.097
Data 27/08/2018 10:59

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 28971,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o posible cumprimento na actualidade polo Goberno galego do acordo parlamentario do 19 de decembro de 2017, referido ás reclamacións dos sindicatos con representación entre o persoal da Administración de Xustiza de Galicia"**, (publicada no BOPG número 293 do 18 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** que ten o seguinte contido:

"O Diario Oficial de Galicia do pasado 30 de maio daba publicidade ao Acordo acadado o 23 de maio de 2018 entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT y CC.OO., para a mellora das condicións de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Acadouse un acordo nos 5 puntos obxecto da convocatoria da folga para a mellora das condicións de traballo e, en consecuencia, do servizo público que estes profesionais prestan á cidadanía, a saber:

1. Incremento do complemento retributivo de determinación autonómica.

2. Ampliación dos supostos de incapacidade laboral transitoria nos cales se percibe o 100% das retribucións.

3. Articulación dunha compensación económica que retribúa a diferenza de soldo do persoal funcionario que realice unha substitución nun corpo superior.

4. Consolidación de prazas de reforzo de máis de tres anos de duración.

5. Amortización de prazas prevista no marco do plan de modificación dos cadros de persoal aprobado en 2012.

CVE-PREPAR: d03c9254-a1b9-43c4-1b87-a144cbbbf602

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/08/2018 10:59:27

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:59
Nº Rexistro: 35043
Data envio: 27/08/2018 10:59:31.097

Cómpre salientar que o documento asinado entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT y CC.OO recoñece expresamente que con este acordo se dá cumprimento ao acordado no Parlamento de Galicia.

Respecto dos complementos retributivos de determinación autonómica (complemento autonómico e complemento específico), incrementaranse nas cantidades que, para cada corpo, se reflicten no seguinte cadro. O incremento producirase en tres anualidades, distribuído nunha porcentaxe sobre o total, do 50 % en 2018, o 30 % en 2019 e o 20 % en 2020, ata acadar a súa totalidade.

Corpo	Incremento (€/mes)
Médicos forenses	140
Xestión	135
Tramitación	127
Auxilio xudicial	122

Estes complementos serán revisados anualmente no terceiro trimestre de cada ano, para os efectos de que a modificación se poida incluír na lei de orzamentos de cada ano, coa finalidade de garantir que os traballadores da Administración de xustiza de Galicia manteñan unha posición por riba da media dos ámbitos territoriais con competencia en materia de xustiza, no que aos complementos retributivos de determinación autonómica se refire.

En canto á consolidación de prazas de reforzo, a Administración e as organizacións sindicais acordaron converter en postos de cadro de persoal aquelas prazas de reforzo que conten cunha antigüidade mínima de tres anos ininterrompidos. Para os efectos de cómputo da devandita antigüidade, tómase como referencia o 1 de xaneiro de 2015.

No que atinxe á amortización das prazas contidas no Plan de modificación dos cadros de persoal aprobado en 2012, a Administración comprometeuse a iniciar a negociación para a creación de novas prazas, tendo en consideración, a estes efectos, as incluídas no devandito plan de 2012. En todo caso, con respecto ás prazas ocupadas, a medida que vaian quedando vacantes iniciaranse os trámites necesarios para a súa modificación, con vistas á súa conversión en prazas de nova creación noutros órganos e servizos xa existentes ou novos vinculados á posta en marcha da nova oficina xudicial. No caso das amortizacións de prazas nas seccións penais das audiencias provinciais, a

CVE-PREPAR: d03c9254-a1b9-43c4-1b87-a144cbbbf602

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
